

UN MODELO EXPLICATIVO DAS CAUSAS DO ENDEBEDAMENTO AUTONÓMICO. O IMPACTO DOS LÍMITES DA LEI ORGÁNICA DE FINANCIAMENTO DAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

JAIME VALLÉS GIMÉNEZ

Departamento de Estructura e Historia Económica e Economía Pública
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Zaragoza

Recibido: 10 setembro 2001

Aceptado: 17 xuño 2002

Resumo: O presente artigo ten como finalidade propoñer un modelo que nos permita aproximarnos ós factores explicativos do proceso de endebedamento rexional. Para iso, revísanse brevemente os aspectos institucionais do sistema de descentralización rexional e as condicións en que poden acceder ó endebedamento eses gobernos, analizando as causas e os modelos econométricos que a literatura subministró para explica-lo proceso de endebedamento rexional. Tras este labor previo, presentámo-las hipóteses que se someterán a validación e a especificación do modelo que se vai estimar. Posteriormente, expoñerémo-los resultados obtidos, extraerémo-las principais conclusións e, por último, compararémo-las cos outros traballos dispoñibles para o caso español. De todo iso, podemos concluír que existen distintas causas (institucionais, económicas ou fiscais) que atopan unha ratificación empírica e que parecen existir indicios razoables para afirmar que se está incumprindo a normativa que regula o uso da débeda rexional.

Palabras clave: Causas da débeda / Control da situación financeira.

AN EMPIRICAL INVESTIGATION ON THE DETERMINANTS OF SPANISH REGIONAL BORROWING: THE EFFECTS OF INSTITUTIONAL RESTRAINTS

Abstract: The purpose of this research is to outline a model that allows us to approach to the explanatory factors of the process of regional indebtedness. To that end, we have revised the institutional aspects of the system of regional decentralization and the conditions under which the regional governments can get indebtedness, analyzing the causes and the econometric models that the literature has given to explain the process of regional indebtedness. After this previous work, we outline the hypotheses that we will test and the specification of the pattern to estimate. Later on, we expose the obtained results, we extract the main conclusions and, lastly, we compare them with the result of the other available papers for the Spanish case. From all this, we can conclude that the empirical evidence assign explanatory power to different causes (institutional, economic or fiscal) and that it is reasonable to think that the normative that regulates the use of the regional debt is not respected.

Keywords: Explanatory factors of regional debt / Control of financial situation.

1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo que nos propoñemos neste artigo é establecer un modelo económico que intente confirmar, con base na evidencia empírica existente, as causas

teóricas (institucionais, fiscais e económicas) expostas pola literatura española como posibles motivos explicativos do endebedamento dos gobernos rexionais (autonómicos). A validez das distintas hipóteses ten que se-la orixe das medidas que deben instrumentalizarse para reorienta-lo potencial proceso de endebedamento excesivo que pode producirse no ámbito autonómico. En consecuencia, a nosa finalidade prioritaria non é establecer un modelo que poida subministrar boas prediccións sobre a evolución da débeda, senón máis ben atopar unha explicación plausible desta a partir da evidencia mostral da que dispoñemos.

Con esta finalidade, estruturámo-lo noso traballo da seguinte forma. En primeiro lugar, afrontamos unha sucinta revisión do marco legal que regula a descentralización territorial no ámbito rexional español ou das comunidades autónomas (en adiante CC.AA.). Posteriormente, revisámo-la regulación que afecta ó uso de operacións crediticias dos gobernos autonómicos e as distintas causas que a literatura nacional sinalou como posible orixe do endebedamento rexional, así como os distintos traballos empíricos sobre a débeda no contexto autonómico. No terceiro epígrafe, expoñémo-lo tratamento que lles damos ós datos para lograr series comparables entre distintas CC.AA. e ó longo do tempo, desenvolvémo-las hipóteses que se van someter a validación e establecémo-la especificación do modelo. A continuación, describímolo resultados obtidos a través da estimación do panel. Por último, extraémo-las conclusións principais que se derivan dos resultados obtidos e compáramolos cos outros traballos existentes para a débeda autonómica.

2. OS GOBERNOS REXIONAIS E O SISTEMA DE DESCENTRALIZACIÓN ESPAÑOL

Neste primeiro epígrafe, imos revisar brevemente a descrición dos principais elementos que constitúen o esquema de descentralización territorial español, xa que consideramos que este aspecto é fundamental para poder entende-lo proceso de endebedamento dos gobernos rexionais españois. Primeiro, afrontámo-las características esenciais do reparto das competencias de gasto e de ingreso entre o nivel central e as CC.AA., para pasar logo a describir sucintamente os cambios principais que sufriu ese proceso de descentralización.

A Constitución española de 1978 (en adiante CE) inicia o proceso de descentralización en favor dunhas unidades de goberno intermedias entre o Estado e as corporacións locais: as CC.AA. A partir desa data comeza a producirse a vertebración territorial, aínda que sen responder a ningunha proposta teórica de eficiencia, senón a acontecementos históricos, políticos, sociais ou económicos, segundo os casos, constituíndose 17 CC.AA.

Pola vertente do gasto, seguindo o enfoque clásico do federalismo fiscal, a CE asignalle ó nivel central, e de forma exclusiva, as competencias en materia de esta-

bilización e redistribución, compartíndose entre os tres niveis de goberno (central, rexional e local) a función de asignación. Con respecto ás CC.AA., a CE non establece un modelo de atribucións pechado, senón que permite ampliar as competencias reformando os diferentes estatutos, e por delegación ou transferencia do Estado, como reflectimos na táboa 1. Ademais, a CE dispón dúas vías alternativas e dispares para acceder ás competencias, denominándose xenericamente CC.AA. de nivel competencial baixo (artigo 143) e alto (artigo 151). Na actualidade, a única diferenza, transitoria, é a sanidade. Máis importante é a diferenza entre estas CC.AA., denominadas de réxime común, e as CC.AA. forais, que se caracterizan fundamentalmente por ter un sistema de financiamento particular¹.

Pola vertente do ingreso, a CE límitase practicamente a enumerar os recursos financeiros dos que poden dispoñer as CC.AA., á vez que remite a regulación concreta do sistema de financiamento a unha lei posterior. É a Lei orgánica 8/1980, sobre financiamento das CC.AA. (en adiante LOFCA), a que regula o sistema de ingresos autonómicos, que sintetizamos na táboa 2. Sen embargo, as sucesivas negociacións provocaron distintas modificacións desta normativa, podendo identificarse dúas etapas claramente diferenciadas:

- a) *1977-1991*: neste período, ademais de producirse a maioría dos traspasos competenciais ás CC.AA., puxéronse en marcha unha gran parte dos instrumentos de financiamento previstos na LOFCA, sendo o elemento característico a busca dun equilibrio entre os gastos necesarios para atender os servizos traspasados e os recursos financeiros dos que se dota ás CC.AA. A fórmula elixida para garantir ese equilibrio financeiro foi a seguinte: unha vez calculado o custo efectivo dos servizos traspasados, cedíasele á respectiva comunidade autónoma o rendemento das taxas afectas a ese servizo, así como o rendemento de determinados tributos cedidos (TC)², completándose as necesidades financeiras da comunidade autónoma cunha participación nos ingresos fiscais do Goberno central ou transferencia de nivelación non-condicionada (PIE). A partir de 1986, inténtase desvincular a participación nos impostos estatais do custo efectivo dos servizos traspasados, asociando este instrumento financeiro a variables socioeconómicas como a poboación, a renda *per cápita*, etc.

¹ Esa asignación de competencias configura catro grupos de CC.AA.: 1) pluriprovinciais de réxime común con nivel competencial alto: Andalucía, Canarias, Comunidade Valenciana, Cataluña e Galicia; 2) pluriprovinciais de réxime común con nivel competencial baixo: Aragón, Castela-León, Castela-A Mancha e Extremadura; 3) uniprovinciais de réxime común con nivel competencial baixo: Asturias, Baleares, Cantabria, A Rioxa, Madrid e Murcia; 4) forais: Navarra e País Vasco.

² Nunha primeira etapa, non existe capacidade normativa dos gobernos rexionais sobre os tributos cedidos que son: o imposto extraordinario sobre o patrimonio das persoas físicas, o imposto xeral sobre sucesións, o imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados (determinados feitos impositivos), o imposto sobre o luxo (determinados feitos impositivos) e as taxas e demais exaccións sobre o xogo.

Táboa 1.- Competencias das comunidades autónomas segundo a Constitución española

<p>COMPETENCIAS PROPIAS: <i>Organización das súas institucións de autogoberno</i> <i>Territorio e municipios:</i> ordenación do territorio, urbanismo, vivenda e obras públicas de interese da CA no seu propio territorio. Ademais, posúen competencias en materia de alteracións dos termos municipais comprendidos no seu territorio e, en xeral, as funcións que lle correspondan á Administración do Estado sobre as corporacións locais e da que a súa transferencia autorice a lexislación sobre réxime local. Así mesmo, dispoñen da competencia de coordinación e demais facultades en relación coas policía locais nos termos que estableza unha lei orgánica (artigo 143). <i>Transporte:</i> ferrocarrís, estradas, transporte desenvolvido por estes medios ou por cable, cun itinerario que se desenvolva integramente en territorio da CA. Ademais diso, tamén teñen competencias sobre pontes de refuxio, portos e aeroportos deportivos e, en xeral, os que non desenvolvan actividades comerciais. <i>Actividade económica:</i> agricultura e gandería, de acordo coa ordenación xeral da economía, e montes e aproveitamentos forestais. Pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, caza e pesca fluvial. Artesanía. Feiras interiores. Promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial. Fomento do desenvolvemento económico da CA dentro dos obxectivos marcados pola política económica nacional. <i>Auga e medio ambiente:</i> xestión en materia de medio natural; augas minerais e termais; proxectos, construción e explotación dos aproveitamentos hidráulicos, canles e regadíos de interese da CA. <i>Cultura e deporte:</i> museos, bibliotecas, conservatorios de música, patrimonio monumental de interese da CA; promoción do deporte e da adecuada utilización do ocio. <i>Sanidade e hixiene e asistencia social</i> <i>Vixilancia e protección dos seus edificios e instalacións</i></p>
<p>COMPETENCIAS DELEGADAS: as CC.AA. poden ampliar sucesivamente as súas competencias mediante reforma dos seus estatutos cada 5 anos (artigo 148.2), ou por transferencia ou delegación do Estado mediante lei orgánica (artigo 150.2). Ademais, as CC.AA. poden asumir nos seus estatutos de autonomía outras competencias (educación e sanidade) non reservadas para o nivel central (artigo 151).</p>
<p>ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS A COMPETENCIAS PROPIAS DE NIVEIS SUPERIORES: nos seus estatutos de autonomía as CC.AA. márcanse como fins: promove-las condicións para a igualdade, facilita-la participación na vida económica, mellora-las condicións de vida, así como o dereito a vivir na propia terra e a promoción do retorno dos emigrantes; e como obxectivos: contribuír ó crecemento, a estabilidade e o pleno emprego da economía, redistribuí-la renda e a riqueza, lograr un equilibrio territorial interno e promove-la superación dos desequilibrios territoriais españois.</p>

FONTE: Elaboración propia.

- b) *1992-2001:* como medida para aumenta-la autonomía e a responsabilidade fiscal das CC.AA. acordouse a súa participación no 15% da cota líquida do IRPF, desde o ano 1994. A partir do ano 1997 cédesese outro 15% do IRPF (que será do 30% cando se produza o transvasamento da educación non universitaria), de maneira que agora hai dúas tarifas e capacidade normativa (limitada), podendo crear tamén deducións propias de tipo familiar ou por gastos persoais. Así mesmo, agora as CC.AA. poden modificar certos aspectos da normativa do resto de tributos cedidos. Ademais diso, este período caracterízase por acomete-la tarefa de coordinación orzamentaria e do endebedamento dos dous principais niveis da Administración pública (central e autonómica).

Táboa 2.- Recursos dos gobernos rexionais segundo a Lei orgánica de financiamento das CC.AA.

INGRESOS PROPIOS (IP)	INGRESOS TRANSFERIDOS (IT)
<p><i>TRIBUTARIOS</i></p> <p>TRIBUTACIÓN SEPARADA: Tributos propios (TP)</p> <p>SUPERPOSICIÓN: Recargas</p> <p><i>NON TRIBUTARIOS</i></p> <p>Operacións de crédito Patrimonio e dereito privado Multas e sancións</p>	<p><i>PARTICIPACIÓN</i></p> <p>ATRIBUCIÓN DIRECTA: Tributos susceptibles de cesión (TC)</p> <ul style="list-style-type: none"> • Imposto sobre a renda das persoas físicas (máx. 30%) • Patrimonio neto • Transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados • Sucesións e doazóns • Imposición xeral sobre as vendas en fase detallista • Consumos específicos en fase detallista (agás os recadados mediante monopolios fiscais) • Tributos sobre o xogo <p><i>TRANSFERENCIAS</i></p> <p>XERAIS: Participación nos ingresos do Estado (PIE)</p> <p>ESPECÍFICAS: Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) Asignacións de nivelación de servizos (ANS)</p>

FONTE: Elaboración propia.

Esa coordinación era especialmente importante tralo Tratado de Maastricht, xa que o Goberno central tiña que distribuí-lo esforzo de redución do déficit e da débeda entre os distintos niveis de goberno. Para as CC.AA., esa necesidade abordouse a través dun conxunto de acordos bilaterais entre o Goberno central e cada CA, que se coñecen como Escenarios de Consolidación Orzamentaria (ECO), e que para o ano 2002 probablemente esixen o equilibrio orzamentario. Non obstante, xunto coa orixe macroeconómica e externa que se lles adoita dar a eses acordos, tamén a crise de confianza que se xeneralizou en 1991, e que tiña como elemento activador o forte crecemento do endebedamento autonómico e a saturación dos mercados crediticios, puido operar como detonante para eses acordos.

Por outra parte, ningunha CA puxo en marcha impostos propios cunha capacidade de recadación relevante, xa que non era máis ca unha posibilidade residual, dadas as limitacións que impón a normativa. Outra fonte importante de ingresos para as CC.AA. era unha transferencia finalista, denominada Fondo de Compensación Interterritorial (FCI), que tiña como principal obxectivo fomenta-lo desenvolvemento rexional. Ese fondo tivo que ser reformado no ano 1990 para corrixi-las disfuncións que provocou a súa dobre finalidade (financiamento do investimento e redistribución), acentuando o seu carácter solidario e circunscibindo o seu ámbito ás CC.AA. incluídas no obxectivo 1 pola Unión Europea.

O resultado desa normativa foi un proceso de descentralización bastante rápido e amplo pola vertente do gasto (en torno a un 30%), fronte a unha escasa distribución territorial na dos ingresos. Neste sentido, e baixo o noso criterio, un dos erros

do desenvolvemento da LOFCA foi o maior peso relativo que se lle outorgou á solidariedade, que configurou un modelo de financiamento baseado en ingresos transferidos. En consecuencia, esa asignación truncou o principio de responsabilidade dos gobernos rexionais, e provocou que nunha gran parte as presións que exercen as demandas dos cidadáns de máis e mellores servizos públicos se despracen cara á terceira gran fonte de ingresos do sistema de financiamento: a débeda³.

3. O ENDEBEDAMENTO AUTONÓMICO


Unha vez analizados os aspectos principais do proceso de descentralización español, e tendo en conta que unha parte das necesidades de gasto das CC.AA. pode estar financiándose a través da débeda, cómpre revisar en qué termos pode recorrerse ó endebedamento e qué causas foron identificadas pola literatura como posibles factores explicativos do endebedamento autonómico, incluíndo os traballos empíricos sobre a débeda rexional española, que constituíron os cimentos sobre os que desenvolvémo-lo modelo econométrico que se presentará.

Con respecto á utilización da débeda, a LOFCA diferencia fundamentalmente dous tipos de operacións de crédito suxeitas a coordinación:

- a) *Operacións de crédito non limitadas*: aquelas cun prazo inferior a un ano, e que teñan como obxecto cubrir necesidades transitorias de financiamento.
- b) *Operacións de crédito limitadas*: aquelas cun vencemento superior ó ano, sempre que concorran os seguintes requisitos: 1) que o importe total do crédito se destine exclusivamente á realización de gastos de investimento, e 2) que o importe total das anualidades de amortización, por capital e xuros, non exceda do 25% dos ingresos correntes da CA (coeficiente LOFCA).

Malia que é importante ter presente o comportamento cada vez máis heteroxéneo e irregular do endebedamento das diferentes CC.AA., en liñas xerais podemos caracteriza-la evolución que sofre a débeda autonómica a través de tres etapas (gráfica 1). Un primeiro período (1984-88) no que o endebedamento permanece a niveis moi reducidos; unha segunda fase na que se produce un forte aumento da débeda (1989-91); e finalmente unha última etapa na que diminúe o ritmo de crecemento da débeda autonómica (1992-95). Pois ben, non nos cabe dúbida ningunha sobre a conexión que existe entre esta evolución e a atención que recibiu o tema por parte da literatura e do Goberno central.

³ Un tratamento polo miúdo do control do endebedamento dos gobernos subcentrais e a súa aplicación ó caso autonómico español pode verse en Vallés (1999).

Gráfica 1.- Saldo vivo de débeda autonómica ó final do exercicio respecto ó seu VEB (%)

FONTE: Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo Banco de España e o INE.

Así, os dous primeiros períodos (1984-91) aparecen ligados fundamentalmente ó estudo das causas que explican o endebedamento autonómico e a súa evolución. Á súa vez, a medida que finalizaba a década dos anos oitenta e que se entraba nos primeiros anos noventa, a atención da literatura desprazábase cara ós límites da LOFCA, xa que se empezan a detectar distintos problemas no seu funcionamento e incumprimentos desta normativa por parte dalgunhas CC.AA. A terceira etapa abranguería os catro últimos anos analizados (1992-95) e caracterizárase por que o nivel central, probablemente alarmado polo rápido e forte crecemento que experimentara o endebedamento autonómico e obrigado polos compromisos alcanzados en Maastricht, intervéñ facendo uso das competencias que tiña atribuídas en materia de coordinación do endebedamento, establecendo topes máximos de déficit e débeda para os distintos niveis da Administración.

Pois ben, dado que o obxectivo do presente artigo é realizar unha estimación da débeda dos gobernos rexionais en España, debemos tratar máis polo miúdo as razóns que a literatura identificou para explica-lo proceso de endebedamento autonómico. En concreto, agrupámolas en tres grandes bloques (táboa 3): causas institucionais, fiscais e económicas. Desde o punto de vista dos *aspectos institucionais*, cando se pretende xustifica-lo endebedamento crecente das CC.AA., xenericamente adoitan sinalarse os seguintes motivos principais:

- A insuficiencia financeira que entraña o propio sistema de financiamento autonómico xera un endebedamento crecente. Así, polo lado dos ingresos, a restrictiva valoración inicial do custo efectivo dos servizos transferidos e a sobrevaloración das previsións de recadación dos tributos estatais á hora de calcula-la PIE son os posibles elementos que inducen a que as CC.AA. se endebeden. Polo lado dos gastos, o comportamento dun conxunto de funcións de gasto, transferidas antes da aparición de necesidades que estaban latentes, puido estimular un aumento

do endebedamento. Entre estes desembolsos destacan as presións sociais que esixiron maiores prestacións nos servizos –educativos e sanitarios, entre outros– provocando unha centrifugación do déficit do Estado ás CC.AA. con niveis de servizo inferiores á media.

- O endebedamento resultante dos gastos provocados por decisións propias das CC.AA.; é dicir, a posible autoxeración do déficit. A débeda representa simplemente unha posibilidade financeira lexítima das CC.AA. segundo a LOFCA, sen que as CC.AA. se cuestionasen se o máximo legal garda ou non relación coa auténtica capacidade financeira dispoñible. Neste caso, a débeda tería a súa orixe na oferta de bens e servizos novos, que leva aparellada tamén a realización de novos investimentos.
- Outras insuficiencias do sistema de financiamento, que poden aparecer asociadas á ausencia de subvencións niveladoras é o mal funcionamento dos FCI, que se revelaron como un instrumento incompetente no financiamento do investimento (aproveitamento do cofinanciamento da Unión Europea), especialmente para as CC.AA. de elevado nivel competencial e renda alta.
- Problemas que aparecen na relación que manteñen as CC.AA. e o nivel central, e que supoñen atrasos na liquidación das transferencias (PIE), consolidándose un importante déficit ou endebedamento de tesourería.
- A actitude irresponsable dalgúns CC.AA. que pretenden que a carga da débeda termine recaendo, dunha ou doutra forma, sobre o conxunto do Estado (comportamentos estratéxicos). De tal modo, algúns gobernos rexionais puideron acumular niveis de débeda elevados que lles permitan nas sucesivas negociacións co nivel central sobrevalorar-la insuficiencia financeira.
- Outras necesidades de gasto que xurdiron coas CC.AA., como os custos que poderían achacárselle ó propio proceso de descentralización, a cota fixa derivada dos gastos asociados ás institucións de autogoberno, ou a non consideración no modelo de financiamento dos servizos asistenciais, altamente onerosos, que herdaron as CC.AA. uniprovinciais das súas respectivas deputacións.
- Elementos inherentes ós distintos niveis competenciais ou ó sistema de financiamento que poderían provocar cotas distintas de endebedamento entre CC.AA. Así, a existencia de diferentes estruturas de financiamento para as CC.AA. forais e de réxime común, e as diferencias entre estas últimas, xeran inestabilidade e tensións sobre o sistema⁴.

⁴ Por exemplo, ó dispoñer-las CC.AA. forais dun sistema peculiar de ingresos (maior autonomía), dispoñen dun aforro corrente relativamente maior para financiar os gastos de investimento. Así mesmo, púxose de manifesto que as CC.AA. de réxime común con nivel competencial alto poderían ter dispoñido dunha marxe de manobra maior, ó poder destinar parte das transferencias correntes, afectas ó financiamento da sanidade ou da educación, a outros fins distintos ou, cando menos, dispoñer dunha maior marxe superior nos límites LOFCA, ó ter máis ingresos correntes. Analogamente, pero á inversa, as CC.AA. uniprovinciais dispoñen dunha capacidade de endebedamento menor respecto do coeficiente LOFCA, e tiveron que partir dunha situación menos favorable, ó incorporar-la débeda que tiñan as deputacións provinciais.

Táboa 3.- Causas subministradas pola literatura para a explicación do endebedamento autonómico

CAUSAS INSTITUCIONAIS	
Insuficiencias do sistema de financiamento	Ortuño (1987), Medel (1987), Suárez (1991), Biescas (1991), Biescas e López Laborda (1992), Álvarez Corbacho (1992), Linares (1993), Monasterio e Suárez (1993), Gallastegui (1995), Monasterio (1996), Pérez García (1997)
Presión social esixindo un maior gasto en bens e servizos, ou subministrado por decisión política	Ortuño (1987), Suárez (1991), Biescas (1991), Biescas e López Laborda (1992), Monasterio e Suárez (1993), AFI (1994)
Ausencia de transferencias de nivelación para garantir servizos mínimos	Biescas e López Laborda (1992), Álvarez Corbacho (1992), Pérez García (1997)
Desfasamentos nas transferencias ás CC.AA. por parte do Goberno central	Ortuño (1987), Roig (1987), Suárez (1991), Pérez García (1992), Castells (1994)
Comportamentos estratéxicos para trasladarlle a carga ó nivel central ou para ter unha mellor posición negociadora	Medel (1987), Roig (1987), Suárez (1991), Biescas e López Laborda (1992), Barberán e López Laborda (1993), Pérez García (1997), García-Milá, Goodspeed e McGuire (1999)
Custos iniciais do proceso descentralizador	Medel (1987), Biescas e López Laborda (1992)
CC.AA. uniprovinciais	Medel (1987), Suárez (1991), Biescas (1991), Biescas e López Laborda (1992), AFI (1994), Ezquiaga, Ferrero e García (1998)
Réxime de financiamento común vs. foral, ou competencia fiscal entre comunidades	Biescas (1991), Pérez García (1992), Monasterio e Suárez (1993), Pérez García (1997), Ezquiaga, Ferrero e García (1998)
CC.AA. con nivel competencial alto	Medel (1987), Biescas (1991), AFI (1994), Ezquiaga (1995), Pérez García (1997), Ezquiaga, Ferrero e García (1998)
CAUSAS FISCAIS	
Asimetría na descentralización de ingresos e gastos (non responsabilidade)	Ortuño (1987), Medel (1987), Roig (1987), Suárez (1991), Biescas e López Laborda (1992), Ruiz-Huerta (1992), Álvarez Corbacho (1992), Pérez García (1992), Monasterio e Suárez (1993), Gallastegui (1995), Pérez García (1997), Ezquiaga, Ferrero e García (1998)
Mecanismos xeradores de ilusión fiscal relacionados con comportamentos políticos	Suárez (1991), Biescas (1991), Álvarez Corbacho (1992), Pérez García (1992), Monasterio (1992), Barberán e López Laborda (1993), Monasterio e Suárez (1993), Gallastegui (1995), Monasterio (1996)
Xustificación económica da débeda	Ortuño (1987), Medel (1987), Roig (1987), Suárez (1991), Biescas (1991), Biescas e López Laborda (1992), Álvarez Corbacho (1992), Utrilla (1992), Monasterio e Suárez (1993), Gallastegui (1995), Monasterio e Suárez (1996), Ezquiaga e Ferrero (1997)
Non se prevén recursos adicionais para atende-lo custo de funcionamento dos investimentos novos	Ortuño (1987), Biescas (1991), Biescas e López Laborda (1992), Álvarez Corbacho (1992), Monasterio e Suárez (1993)
Diminucións nos tributos cedidos	Suárez (1991), Linares (1993)
CAUSAS ECONÓMICAS	
Riscos futuros pola evolución dos gastos financeiros	Medel (1987), Biescas e López Laborda (1992), Utrilla (1992)
Renda das CC.AA.	Ortuño (1987), Medel (1987), Álvarez Corbacho (1992), García-Milá e McGuire (1994), García-Milá, Goodspeed e McGuire (1999)
Incrementos nos soldos e nos salarios	Ortuño (1987), Medel (1987), Biescas (1991), Biescas e López Laborda (1992)

FONTE: Elaboración propia.

Se afondamos nas posibles *causas fiscais* do crecemento do endebedamento autonómico, podemos destacar, fundamentalmente, os seguintes elementos:

- A asimetría na descentralización de ingresos e gastos fomenta a falta de responsabilidade fiscal e provoca unha subministración ineficiente de bens e de servizos públicos e un aumento excesivo do gasto a través da vía do financiamento dispoñible, no caso español, especialmente o endebedamento.
- A débeda puido utilizarse como un mecanismo que xera beneficios políticos (ilusión), ó impedir que os contribuíntes perciban o verdadeiro custo dos bens e servizos prestados polas CC.AA., especialmente, en períodos electorais, socavando a racionalidade, a disciplina e a eficiencia na provisión de servizos e bens públicos.
- O recurso ó endebedamento como un medio adecuado de financiamento dos gastos de investimento desde un punto de vista teórico, ó permitir distribuí-los custos dos programas de capital entre as distintas xeracións que se benefician deles (equidade interxeracional).
- A oferta de bens e servizos novos, ou melloras na calidade dos asumidos, leva aparelhada a realización de novos investimentos, co conseguinte gasto corrente de funcionamento asociado en exercicios posteriores, sen que as CC.AA. planifiquen ou teñan capacidade para xerar ingresos adicionais cos que a atender eses gastos.
- Un conxunto de causas que minguaron a contía dos ingresos autonómicos, entre as que podemos mencionala introducción do IVE e determinadas reformas normativas que afectan á recadación dalgúns tributos cedidos⁵. Ademais, todo iso sen proceder á revisión á alza da PIE, como prevé a LOFCA cando se realizan modificacións substanciais do sistema de financiamento.

Para concluír coas causas que poden explica-lo endebedamento autonómico, cómpre afrontar as xustificacións que agrupamos baixo o epígrafe de *razóns económicas*, podendo destacarse as seguintes:

- O rápido crecemento do endebedamento e a disciplina que impón o mercado a través de maiores tipos de xuro supuxo un esforzo importante en termos de gastos financeiros (amortización e xuros) para as CC.AA.. En consecuencia, e en

⁵ Neste sentido, a implantación do IVE supuxo a perda de tributos como o imposto sobre o luxo “en destino” e “posesión e gozo”, a absorción dun importante ámbito do imposto sobre transmisións patrimoniais e a desaparición dalgúns taxas transferidas, como o chamado “imposto de menores” e sobre espectáculos públicos. Con respecto ós TC, no imposto sobre sucesións e doazóns creáronse mínimos exentos, restricións do ámbito obxectivo (o grave das entidades xurídicas e o “complementario”), diminucións nos tipos impositivos e reducións da progresividade da tarifa. De forma análoga, o imposto sobre o patrimonio tamén viu aumentado o seu mínimo exento, e o carácter obrigatorio da “declaración-liquidación separada” da unidade familiar, que multiplicaba por dous eses mínimos.

- función da evolución dos tipos de xuro e da renda rexional, o aumento dos gastos financeiros pode provocar un proceso de retroalimentación do déficit e da débeda.
- O distinto nivel de renda *per cápita* podería provocar demandas diferentes de gasto e, xa que logo, de endebedamento, na medida en que o sistema de financiamento non lles dá resposta a esas disparidades ou que se utilice a débeda para agocharlles ós seus cidadáns unha parte do custo. En primeiro lugar, as CC.AA. ricas poden ter unha poboación con maiores demandas de gasto e servizos públicos, xa que os servizos públicos son bens normais. Non obstante, tamén se argumenta que as CC.AA. con menores niveis de renda poden desexar aumentalos seus gastos en investimentos e servizos públicos para recupera-lo terreo perdido e impulsar un maior desenvolvemento económico.
 - Os gastos de persoal poden ter incrementado o endebedamento, ben como resultado do incremento sufrido pola equiparación dos convenios do persoal laboral afecto ós servizos transferidos, ben por ser unha partida que sofre fortes crecementos, por estes cadros de persoal das administracións autonómicas sobredimensionados ou por xerar beneficios políticos.
 - Podería existir unha certa relación entre a política de estabilización ou a situación económica e o endebedamento das CC.AA. Una melloría nas magnitudes macroeconómicas permitiría desprazalos obxectivos da estabilización cara á asignación, co conseguinte incremento do gasto en bens e servizos que, sumado á raquíptica situación dos tributos propios autonómicos, conduciría ó aumento do endebedamento para mellora-la cobertura da prestación dos servizos autonómicos. Por outra parte, pese a que a política de estabilización non é unha competencia rexional, as CC.AA. puideron sentirse parcialmente responsables desa función, ó que puido contribuír o cofinanciamento dunha parte dos proxectos de investimento que se benefician de axudas da Unión Europea.

Fronte a esa literatura teórica existen moitas menos achegas aplicadas. Unicamente atopamos catro traballos econométricos que imos analizar máis polo miúdo xa que constitúen o punto de partida da nosa achega. As principais características e resultados deses traballos aparecen nas táboas 1a e 2a do anexo, polo que pasamos a comentar brevemente aqueles resultados máis relevantes⁶.

A principal conclusión que obteñen Monasterio e Suárez (1993, 1996) dos seus resultados é que existe unha evidencia empírica que apoia a hipótese do traspaso da débeda e da autoxeración. A hipótese do traspaso da débeda por parte do Estado suporía que as CC.AA. recibiron competencias sobre servizos cun financiamento

⁶ Obsérvese que nesas táboas unicamente hai tres traballos. Isto é debido a que non puidemos acceder ó traballo final de García-Milá, Goodspeed e McGuire (1999), por estar en fase de elaboración, aínda que presentaron un avance dos seus resultados nunhas xornadas sobre endebedamento autonómico que tiveron lugar no ano 1999.

inicial insuficiente, ou cunha demanda que ten unha elasticidade-renda elevada e unhas fontes de ingresos que medran a un menor ritmo, polo que o resultado de déficit e endebedamento é atribuíble ó comportamento asimétrico de ingresos e gastos. Por outra parte, a hipótese da autoxeración da débeda implicaría que é a competencia no mercado político a razón que conduce os gobernos autonómicos a financiar-los aumentos de gasto, que producen rendibilidade electoral, mediante a emisión de débeda. Finalmente, non parece existir unha evidencia empírica sólida para manter que se produciu un comportamento acorde coa ideoloxía dos gobernos autonómicos (demócratas vs. republicanos) ou coa explotación interesada do ciclo electoral.

O seguinte dos traballos dispoñibles na literatura empírica nacional sobre a débeda autonómica é o de García-Milá e McGuire (1993), do que deben destacarse cando menos tres cuestións. En primeiro lugar, a débeda é máis empregada polas CC.AA. máis ricas. En segundo lugar, non parece que exista un comportamento dispar entre as CC.AA. en función do nivel competencial (educación e sanidade). Por último, o endebedamento acelerouse nos anos 1990-91 e as CC.AA. uniprovinciais recorreron en maior medida á débeda.

Recentemente, García-Milá, Goodspeed e McGuire (1999) presentaron un borrador do seu novo traballo, centrado no endebedamento subcentral. Nesta nova investigación, presentan un modelo teórico sobre o comportamento do gasto e do endebedamento rexional nunha federación a partir dunha análise intertemporal de dous períodos baixo unha serie de hipóteses, para detectar, especialmente, a relación existente entre débeda e renda *per cápita*. En concreto, propoñen dúas hipóteses, unha relación positiva entre ámbalas dúas variables debido a que a débeda financia bens normais e unha relación inversa se aquelas xurisdiccións que contribúen en menor medida ó financiamento dos impostos centrais (risco moral) son as que máis se endebedan, xa que afrontarían un menor prezo relativo. Os resultados que obteñen García-Milá, Goodspeed e McGuire (1999) indican que se verifica que as CC.AA. cunha renda per cápita maior recorren máis ó endebedamento, mentres que só hai algunha evidencia de que aquelas CC.AA. cunha menor participación relativa na renda nacional utilizan máis o recurso ó endebedamento, xa que esta hipótese unicamente se verifica para algúns modelos ensaiados.

Unha vez revisados os distintos traballos empíricos existentes para o comportamento da débeda na experiencia rexional española, imos analiza-las diferentes hipóteses alternativas sobre o endebedamento autonómico que trataremos de recoller no noso modelo, aínda que volveremos no epígrafe de conclusións xerais sobre os traballos de Monasterio e Suárez (1993, 1996), de García-Milá e McGuire (1993) e de García-Milá, Goodspeed e McGuire (1999) para contrasta-los seus resultados cos que alcancemos na nosa estimación. Ademais de explica-las distintas variables esóxenas plausibles para a débeda autonómica, no seguinte epígrafe

xustificaremos por qué cremos necesario realizar unha nova estimación para o endebedamento autonómico e establecerémo-la especificación econométrica do noso modelo.

4. UNHA PROPOSTA ALTERNATIVA PARA A ESTIMACIÓN DA DÉBEDA AUTONÓMICA

Varias son as razóns que motivaron a nosa aproximación alternativa ó tema do endebedamento autonómico, podendo destacar de entre elas dúas. Por unha parte, a nosa investigación supón un enfoque innovador na literatura española sobre a débeda autonómica, xa que incorpora o posible efecto da normativa LOFCA sobre o endebedamento rexional e intenta determinar en qué medida se respectou esa regulación. Por outra parte, a nosa estimación incorpora certas modificacións na especificación das variables en relación coa literatura revisada e amplía as posibles causas explicativas. Finalmente, pretendemos contribuír a pecha-la brecha que existe entre a importancia que a débeda adquiriu para as arcas das comunidades autónomas e o escaso reflexo que aínda ten no campo dos estudos empíricos.

Esta última afirmación é debida en parte a que a recente creación en España da actual estrutura territorial da Administración limita seriamente a posibilidade de realizar estudos econométricos baseados en series cronolóxicas. Sen embargo, cremos que esta dificultade se resolve parcialmente acudindo á técnica de datos de panel, que pode permitírnos diminuí-los problemas derivados do número reducido de períodos con que contan as series históricas e, simultaneamente, facilitárno-lo exame dos comportamentos dispares que poden presenta-las diferentes xurisdiccións.

Xunto co problema que supón a reducida dimensión das series temporais, subsisten dous problemas adicionais: a heteroxeneidade dos datos e a súa comparabilidade entre distintas xurisdiccións e exercicios orzamentarios. Por un lado, garantímo-la homoxeneidade dos datos ó utilizarmos exclusivamente como fonte as publicacións da Dirección General de Coordinación con las Haciendas Territoriales (DGCHT). Por outro, para eludírmo-lo obstáculo que supón a comparación das mesmas magnitudes ó longo do tempo e entre comunidades autónomas con características distintas, expresarémo-los datos como porcentaxe da estimación do produto interior bruto (PIB), optando polos datos subministrados pola *Contabilidad Regional de España* (Instituto Nacional de Estadística).

Esta elección persoal discrepa da adoptada por Monasterio e Suárez (1993, 1996) e por García-Milá e McGuire (1993). Estes traballos adoptan a poboación como medio para logra-la comparabilidade, polo que a nosa opción nos permitirá contrastar posibles diferencias entre os nosos resultados cos obtidos polos traballos existentes en termos de renda *per cápita*.

O período que é o obxecto de estudio abrangue os exercicios comprendidos entre os anos 1985 e 1995. Esa elección baséase en que un dos nosos obxectivos principais consiste en esclarece-lo posible impacto dos mecanismos de control institucional sobre a evolución do endebedamento rexional. Atendendo a esa finalidade, cómpre considerar dúas cuestións. Por unha parte, é sabido que, na medida en que os límites se fixan en niveis non vinculantes, transmiten a información da existencia dunha ampla marxe de manobra que provoca unha expansión do endebedamento, podendo producirse este efecto nos primeiros anos do proceso de descentralización (1985-89). Por outra, cómpre esperar que, se os límites legais operaron, estes o farían no momento en que a situación fiscal e económica foi menos favorable; é dicir, durante a recesión económica dos primeiros anos noventa (1990-95)⁷.

Chegados a este punto, imos afronta-la exposición das hipóteses que pretendemos ensaiar e que aparecen agrupadas en dous grandes grupos: argumentos ideolóxicos, institucionais e políticos e, en segundo lugar, consideracións fiscais e económicas.

4.1. HIPÓTESES INSTITUCIONAIS, POLÍTICAS E IDEOLÓXICAS

As variables que escollemos para representa-las distintas hipóteses institucionais son as seguintes. Polo lado dos elementos institucionais aparecen variables relacionadas co nivel competencial, as CC.AA. uniprovinciais, a evolución do sistema de financiamento e a posible eficacia do límite máximo de endebedamento establecido pola LOFCA con relación ós ingresos correntes. Dentro do conxunto de aspectos políticos, considerámo-la existencia de coalicións, os partidos nacionalistas e o ciclo electoral. Finalmente, dentro do epígrafe da ideoloxía, apuntamos dous posibles efectos: o papel que desenvolve a ideoloxía e a posible relación entre gobernos subcentrais e central.

4.1.1. Elementos institucionais

- a) *Nivel competencial* ($DCOMP_{it}$): neste caso, trátase de dilucida-lo posible impacto dos diversos niveis competenciais no endebedamento autonómico e, especialmente, os asumidos polas CC.AA. do artigo 151 sobre sanidade e educación pola súa importancia cuantitativa. Imos representala por unha variable “*dummy*” que toma valor cero para as CC.AA. de réxime común con nivel competencial alto, e un para as restantes. Baixo o noso punto de vista, o signo esperado sería

⁷ A partir dese instante, a introducción dos Escenarios de Consolidación Orzamentaria en 1992, e a súa consolidación ó longo do tempo, parece ter relegado a un segundo plano o papel que desenvolven os límites LOFCA.

ambiguo, xa que pode suceder que as transferencias que cobren a sanidade ou a educación sexan insuficientes ou, pola contra, que se destine parte destes recursos a outros gastos distintos, como consideraban García-Milá e McGuire (1993). Por outra parte, segundo Ezquiaga (1995, pp. 11-13), as competencias de sanidade e o seu sistema de financiamento, mediante transferencias condicionadas, xeran déficit na medida en que poidan producirse desaxustes na orzamentación a escala nacional do gasto, como sucedeu nos últimos anos, pero tamén se as CC.AA. optan por uns gastos autonómicos maiores.

- b) *Evolución do sistema de financiamento* ($DTEN87_{it}$ e $DTEN92_{it}$): tamén pretendemos determina-la posible modificación das políticas de endebedamento autonómico que se produce como consecuencia da existencia de dous períodos claramente diferenciados. Por unha parte, entre os anos 1987 e 1991 operou un sistema no que só rexían os límites ó endebedamento da LOFCA, mentres que desde o ano 1992 ata o último exercicio analizado (1995) funcionou un sistema no que están vixentes eses límites e, adicionalmente, unha coordinación con débiles incentivos (Escenarios de Consolidación Orzamentaria). Trataremos de captar este efecto a través de dúas variables cualitativas análogas ($DTEN87$ e $DTEN92$), aínda que cada unha delas lle afecta a unha fase de tempo das mencionadas.

Así, por exemplo, $DTEN87$ asignaralle 1 ó primeiro exercicio do período considerado (1987-92), 2 ó segundo ano (1988), e así sucesivamente. *A priori* non podemos determinar cal pode ter sido o efecto de cada unha das variables⁸, aínda que, se considerámo-los defectos de deseño que incorporan os límites LOFCA, poderíamos esperar un signo positivo para $DTEN87$, fronte a un signo negativo para o coeficiente de $DTEN92$, debido ós compromisos adquiridos en Maastricht polo nivel central.

- c) *Comunidades autónomas uniprovinciais* ($DPROV_{it}$): con esta variable intentamos capta-la posible influencia que puido ter na situación crediticia das CC.AA. uniprovinciais a absorción doutro nivel de administración pública con altas cotas de endebedamento (deputacións provinciais), ó coincidi-lo territorio rexional co provincial. Optamos por unha variable ficticia que lles outorga valor un ás CC.AA. uniprovinciais e cero ás restantes. O signo esperado é positivo.
- d) *Límite legal máximo de endebedamento* ($LOFCA_{it}$): neste caso, pretendemos establece-la eficacia do límite máximo que establece a LOFCA sobre o endebedamento. Para iso, tomámo-lo cálculo da situación de cada CA en relación

⁸ Tamén probamos cunha variable cualitativa para todo o período polo que se pode agardar unha relación positiva, debido á tendencia crecente do endebedamento rexional e a que o impacto das sucesivas reformas do sistema de financiamento autonómico foi reducido. Non obstante, o signo obtido foi negativo e os resultados da estimación melloran se se consideran os períodos por separado, polo que se seleccionou esta última opción.

coa *ratio* carga do endebedamento respecto a ingresos correntes retardada un exercicio. O signo que cabería esperar sería negativo; é dicir, canto maiores son os seus pagamentos por xuros e amortización respecto dos ingresos correntes nun exercicio, menor debería se-lo seu endebedamento no ano seguinte.

4.1.2. Aspectos políticos

- a) *Mercado político e compra de votos para alcanza-la gobernabilidade pola vía das coalicións (DPOLIT_{it})*: con esta consideración pretendemos determinar se o peso relativo do apoio electoral obtido polo partido no goberno encerra realmente unha importancia non desprezable nos resultados orzamentarios. A explicación que dan Bosch e Suárez (1994, pp. 44-51) mostra cómo o partido cun maior apoio pode agruparse para alcanza-la maioría con grupos cunhas preferencias de gasto superiores (maior endebedamento), ou inferiores (menor déficit). O resultado é ambiguo e, polo tanto, a conclusión é unha cuestión empírica que só a análise da realidade pode desvelar. Xunto a esta primeira hipótese, Velarde (1995) menciona que os sistemas electorais proporcionais conducen a coalicións e a puntos mortos fiscais que atrasan a consolidación orzamentaria ou estabilización, como tamén pode verse en Alesina e Perotti (1995) e en Alesina e Rosenthal (1995).

Adoptamos unha variable cualitativa que lles confire valor cero ós gobernos que contan con maioría no parlamento autonómico, un ás coalicións de dous partidos e dous ás coalicións de máis de dous socios⁹. A relación sería indeterminada, segundo a proposta de Bosch e Suárez (1994), ou positiva, se realmente medra o endebedamento a medida que aumenta a dificultade de gobernar só.

- b) *Rexionalismos (DREG_{it})*: outra tese reiteradamente mantida é que os partidos nacionalistas abusaron do recurso ó endebedamento con obxecto de manter nas diversas negociacións o mal funcionamento do sistema de financiamento (victimismo e comportamentos estratéxicos). Neste caso, tomamos para a análise unha variable “*dummy*” que adopta valor un para Cataluña, xa que é a única CA con goberno nacionalista, e cero no outro caso. A súa influencia sobre o nivel de endebedamento debería ser positiva.
- c) *O ciclo electoral (DPRE_{it})*: a tese do ciclo electoral postula que nos períodos preelectorais os partidos gobernantes adoitan tomar medidas populares, pospoñendo o seu custo a exercicios subseguintes e sendo un bo artificio para iso o recurso ó endebedamento. Imos representala por unha variable ficticia que toma

⁹ Considerámo-los políticos independentes que forman parte do executivo autonómico como outro partido, xa que inicialmente nada fai supoñer unha coincidencia completa de intereses. Para iso, baseámonos nos datos que subministra o anuario de *El País* sobre a composición dos distintos executivos autonómicos a primeiros de ano.

valor un para o ano electoral e o inmediatamente previo a el e cero para o resto dos anos. A relación debería ser positiva¹⁰.

4.1.3. O papel da ideoloxía

Ó noso entender, a ideoloxía pode desenvolver un dobre papel. En primeiro lugar, debemos identificar se a tradicional distinción entre partidos de dereitas e de esquerdas agocha unha propensión maior cara ó endebedamento dalgún destes grupos. Por exemplo, poderíamos esperar unha xestión orzamentaria menos austera por parte dos partidos de esquerdas, inducida por uns compromisos electorais respecto de novos gastos sociais non considerados polo sistema de financiamento. Non obstante, como nos lembra Govinda (1979, pp. 114-117), Downs (1957) afirmaba que a toma de decisións resulta finalmente do estímulo que ofrece a maximización de votos como medio para garanti-la permanencia no poder e, incluso, a postura ideolóxica dos partidos políticos só cumpre un papel de diferenciación dos resultados políticos, pero se xorde un conflito entre a posición ideolóxica e a popularidade do goberno fronte ós votantes, xeralmente, se resolve en favor desta última¹¹.

Por outra parte, como argumenta Govinda (1979), a ausencia de rivalidade entre os partidos gobernantes no nivel central e no autonómico faría verosímil un menor grao de endebedamento nestas xurisdiccións. A explicación a este último feito atopárase nunha coordinación maior entre membros dun mesmo partido para logralos obxectivos centrais (lealdade), como postulan Inmam e Fitts (1990, pp. 92-96), ou nunha maior axuda financeira do nivel central ó autonómico.

Así, por un lado, tomamos unha variable “dummy” (DID_{it}), pola que damos valor un no caso de que o partido que está no goberno sexa de esquerdas e cero no outro caso, podendo agardarse un coeficiente positivo para DID , aínda que a relación non está claramente predeterminada. Ademais, incluimos outra variable ficticia que lles outorga valor un a aqueles casos nos que coincidan o partido gobernante no nivel central e no autonómico ($DNCA_{it}$) que, para o período que estudiamos, concorda co caso no que o partido no goberno autonómico sexa de esquerdas ($DNCA_{it} = DID_{it}$)¹². Neste último caso, tamén o signo de $DNCA$ sería descoñecido a

¹⁰ Esta hipótese sometese tamén a contraste en Pommerehne e Schneider (1978), en Blais e Nadeau (1992), en Rosenberg (1992) ou en Bosch e Suárez (1994) entre outros. Todos estes traballos céntranse no gasto subcentral, agás o de Blais e Nadeau (1992), que tamén intenta verifica-la hipótese de que os políticos intentan manipular os déficit orzamentarios para favorecer-las súas posibilidades de reelección.

¹¹ Esta idea vese confirmada pola análise empírica de Rao (1979, pp. 116-126). Tamén Pommerehne e Schneider (1978), Pommerehne (1978), Abrams e Dougan (1986), Blais e Nadeau (1992), Bosch e Suárez (1994) e Poterba (1995) analizan as posibles influencias ideolóxicas no gasto público. Os resultados empíricos dos distintos traballos son contradictorios.

¹² Obsérvese que DID atribúelles valor un a aquelas CC.AA. gobernadas por partidos de esquerdas mentres que $DNCA$ outórgalles valor un a aqueles casos nos que coincidan o partido gobernante no nivel central e no autonómico. En consecuencia, como tódolos gobernos de esquerdas das CC.AA. foron do Partido Socialista (PSOE), DID atribúelles valor un, sendo as mesmas ás que $DNCA$ lles atribúe valor un, xa que durante todo o período analizado gobernou o PSOE no nivel central.

priori, aínda que, como mencionamos, cabe esperar unha relación negativa entre o endebedamento e *DNCA*. Polo tanto, dado que *DNCA* e *DID* teñen signos indeterminados ou que operan en sentido contrario e que a súa especificación econométrica é a mesma ($DNCA=DID$), o signo esperado para calquera das dúas variables é indeterminado.

4.2. HIPÓTESES FISCAIS E ECONÓMICAS

A pesar da importancia que estas variables poden ter na explicación das políticas de endebedamento autonómico, non queremos oculta-la dificultade de establecer con rigor o tipo de variables “*proxy*” que modelarán as distintas hipóteses. Así, dentro das variables fiscais considerámo-la responsabilidade fiscal e a equidade intertemporal e intraxeracional; é dicir, aquelas variables que poden influír na corrente actual ou futura de ingresos. Por outro lado, seleccionamos como variables económicas aquelas que gardan relación cos gastos das CC.AA. e que poden ter un impacto sobre o endebedamento, entre as que considerámo-los gastos de persoal, a renda das comunidades, os gastos financeiros por xuros e de amortización da débeda e os gastos en bens e servicios correntes. Este conxunto de variables e o signo da relación esperada co endebedamento é o seguinte.

4.2.1. Fiscais

a) *A corresponsabilidade fiscal (estructura de ingresos e percepción fiscal)*: queremos determinar en qué medida un maior peso dos tributos propios lle afectaría ó nivel de endebedamento, para comprobar indirectamente se un aumento na visibilidade do custo dos bens e servicios públicos sería unha boa ferramenta contra un endebedamento excesivo. Neste caso, imos contrastar este argumento a través do cociente entre tributos propios e PIB ($TRIB_{it}$), fronte á opción de Bosch e Suárez (1994), por exemplo, que optan polo cociente entre ingresos propios e o total de ingresos, para verifica-la teoría da ilusión fiscal sobre o gasto *per cápita* dos municipios¹³.

O signo esperado sería negativo, xa que diminucións (incrementos) no peso dos tributos propios supoñen unha menor (maior) perceptibilidade e, consecuentemente, debería implicar uns maiores (menores) niveis de demanda de servicios públicos e de endebedamento. Sen embargo, esta relación pode verse debilitada pola natureza do que denominamos tributos propios, constituídos por taxas, impostos directos e indirectos (tributos cedidos), que non se corresponden fielmente coas características que se lles atribúen ós ingresos propios.

¹³ Sobre este aspecto da ilusión fiscal poden consultarse tamén os seguintes traballos empíricos: Wagner (1976), Pommerehne e Schneider (1978) e Misiólek e Elder (1988).

Alternativamente, as transferencias correntes respecto do PIB ($TRNFC_{it}$) terían que arrojar un signo positivo, xa que incrementos no peso das transferencias supoñen unha menor visibilidade e, polo tanto, un maior endebedamento. Non obstante, se lembrámo-lo argumento do “traspaso da débeda” de Monasterio e Suárez (1993, 1996), o mal funcionamento do sistema de financiamento veríase apoiado polo coeficiente negativo para o financiamento básico e, concretamente, a interpretación teórica que lle atribúen é que a relación negativa entre o financiamento básico e o endebedamento está determinada pola infravaloración do custo efectivo. Por conseguinte, podemos concluír que o signo para as variacións das transferencias sería ambiguo *a priori*¹⁴.

- b) *Equidade intertemporal* (INV_{it}): a cuestión que tratamos de reflectir é se a débeda responde a un proceso de repercusión en exercicios posteriores do custo dos investimentos realizados no exercicio corrente. Tratamos de revisa-lo papel da equidade intertemporal a través do investimento real dividido polo PIB. O coeficiente debería ser positivo.
- c) *Equidade intraxeracional* ($SDOEM_{it}$): correspóndese coa proposición de que uns altos saldos de emigración ou defunción motivan uns maiores niveis de endebedamento, xa que os suxeitos que saen da xurisdicción evitan parte do custo dos gastos realizados. Neste caso, a variable escollida foi a variación da poboación na xurisdicción ($[\text{nacementos} + \text{inmigrantes}] - [\text{defuncións} + \text{emigrantes}]$)¹⁵. O coeficiente esperado debería ser negativo. Non obstante, dada a variable *proxy* seleccionada, este argumento debilitase polo feito de que un maior crecemento da poboación pode implicar unhas necesidades crecentes de endebedamento, polo que a relación entre endebedamento e *SDOEM* sería positiva.

4.2.2. Económicas

- a) *Gastos de persoal* ($G TSA_{it}$): pretendemos observar en qué medida as fluctuacións no concepto de gastos de persoal son responsables das modificacións observadas na emisión de débeda autonómica. O cociente entre gastos de persoal e o PIB vai se-lo indicador da influencia dos salarios ou do maior número de funcionarios no endebedamento. Polo tanto, se se cumpre a hipótese de que a homologación dos soldos e dos salarios supuxo un aumento da débeda inducido desde o nivel central, o coeficiente debería ser positivo. Ademais, este signo positivo pode significar tamén que os cadros de persoal que manteñen as CC.AA. poden estar sobrevalorados ou que os soldos sexan elevados¹⁶.

¹⁴ A este respecto, poden revisarse o “survey” de Quigley e Smolensky (1992) e os traballos empíricos de Abrams e Dougan (1986), Velilla (1993) e Poterba (1995).

¹⁵ A variación da poboación calculouse a partir dos datos subministrados pola *Contabilidade Rexional de España* (INE).

¹⁶ Véxase, por exemplo, Peston (1981) que indaga a posibilidade de que teñen os gobernos locais de influir na política de estabilización central a través do emprego público.

- b) *Renda per cápita ($PIBPC_{it}$)*: dúas son as argumentacións asociadas comunmente coa renda. Por un lado, é un argumento que a literatura toma como factor determinante das demandas de gasto público. Polo tanto, podería aclaralo feito de que os recursos que proporciona o sistema de financiamento son insuficientes para cubri-las demandas de gasto que deben atenderlas CC.AA. con elevados niveis de renda *per cápita*, debido a que o sistema de financiamento non é o suficientemente flexible para adaptarse a demandas de gasto dispares¹⁷. Por outro, o cociente entre o produto interior bruto e a poboación ($PIBPC_{it}$) subministra- ramos de forma indirecta información sobre as distorsións que o financiamento do investimento novo a través do FCI puido xerar, ó tomarse como eixe principal na determinación do reparto a renda *per cápita*. En ámbolos dous casos deberiamos obter un signo positivo.

Por outra parte, os incrementos no *PIBPC* permitirannos detectar posibles actuacións estabilizadoras, pese a que esa función non está descentralizada, ou comprobar en qué medida a mellor situación económica permite centrarse na función de asignación, debendo recorrer ó endebedamento por falta de recursos, como afirmaban García-Milá e McGuire (1993). Polo tanto, a taxa interanual de crecemento nominal do PIB *per cápita* ($I(PIBPC)_{it}$) permitirannos detectar un correcto exercicio das funcións que deben desempeñar (coeficiente negativo) ou incorrecto con coeficiente positivo, xa que ó ser na súa maior parte un período de crecemento económico, maiores aumentos no *PIBPC* responderían a niveis máis altos de débeda.

- c) *Xuros (INT_{it})*: intentaremos comproba-lo grao de incidencia dos custos financeiros sobre o nivel de débeda. Tampouco podemos esquecer que os xuros xunto coas amortizacións representan o custo de uso da débeda como fonte de recursos, o que nos fai esperar un signo negativo, agás no caso de que se antepoñan outros obxectivos á saúde financeira das CC.AA. O gasto financeiro dividido polo PIB facilitará a interpretación de se se financiaron os maiores custos, ou as novas emisións, a través de creación de nova débeda, o que conduciría a un coeficiente positivo.
- d) *Gastos por pasivos financeiros ($GTPF_{it}$)*: debería mostra-la relación existente entre a política de amortización da débeda e os recursos obtidos a través de novas emisións, revelando se a orixe dos fondos afectos á amortización da débeda procede ou non dos ingresos propios. Os gastos por pasivos financeiros respecto do PIB proporcionannos información sobre se a amortización da débeda se realiza a través do endebedamento, caso no que o coeficiente debe ser positivo.
- e) *Gastos en bens e servicios ($GTBS_{it}$)*: intentaremos verificar se realmente se utiliza unha parte significativa do endebedamento para financiar bens e servicios

¹⁷ Neste sentido pronúncianse tamén Abrams e Dougan (1986, pp. 107-112).

correntes, xa que a posible existencia de ilusión fiscal na débeda permitiría obter os beneficios políticos derivados do gasto público sen un custo impositivo aparente ou menor có real. O gasto en bens e servizos correntes respecto do PIB facilitará a interpretación de se o endebedamento se utilizou para financiar gastos correntes. De ser así, o coeficiente debería ser positivo. Esta variable baséase na idea de Goetz (1977, p. 245) de que a ilusión fiscal pode producirse tanto na vertente do gasto como na dos ingresos.

De toda esta análise, sintetizámo-la información que aparece na táboa 8, e que presenta as distintas variables escollidas, os símbolos e o signo esperado.

4.3. ESPECIFICACIÓN DO MODELO

Una vez analizadas as distintas causas que poden ser sometidas a un test, debemos pasar a establecer a especificación concreta do modelo. Así, debido a que a normativa legal supedita o uso da débeda á realización de proxectos de investimento, e a que as recomendacións económicas se pronuncian no mesmo sentido (*pay-as-you-use*), a nosa hipótese nula consiste en que, dado o contexto institucional a que está sometido o endebedamento autonómico, debería poder explicarse a débeda como unha función practicamente exclusiva do nivel de investimento. O modelo que imos estimar a través da técnica de datos de panel é:

$$D_{it} = D(DCOMP_{it}, DTEN87_{it}, DTEN92_{it}, DPROV_{it}, LOFCA(-1)_{it}, DID_{it}, DPOLIT_{it}, DREG_{it}, DPRE_{it}, TRIB_{it}, TRNFC_{it}, INV_{it}, SDOEM_{it}, GTSA_{it}, I(PIBPC)_{it}, INT_{it}, GTPF_{it}, GTBS_{it}, PIBPC_{it});$$

onde: $i = CC.AA.$; $t = \text{ano (1985-95)}$; $DX = \text{variable "dummy"}$; $I(X) = \text{incremento anual}$; e $X(-1) = \text{variable retardada}$.

Con respecto á variable contrastaremos dous tipos de medidas alternativas da mesma variable endóxena, que é o endebedamento autonómico:

- 1) $IGPF_{it}$: o cociente entre pasivos financeiros (ingresos) e PIB, que capta o fluxo total de recursos financeiros que as CC.AA. obteñen en cada exercicio de fontes alleas ás impositivas ou transferidas.
- 2) PFN_{it} : variación neta de pasivos financeiros dividida polo PIB, que representa o financiamento neto das CC.AA. en cada período tras desconta-la amortización de débedas previamente contraídas.

Polo tanto, unha vez revisada a literatura dispoñible, analizadas as distintas causas posibles que a teoría subministra sobre o endebedamento e especificado o

modelo, imos establece-los resultados que obtivemos, aínda que previamente explicaremos de forma concisa cal foi o procedemento que seguimos.

Táboa 8.- Signos esperados das variables

SÍMBOLO	HIPÓTESES	SIGNO ESPERADO
INSTITUCIONAIS		
<i>DCOMP</i>	Nivel competencial	Indeterminado
<i>DTEN87</i>	Evolución do sistema de financiamento (1987-91)	Indeterminado (+)
<i>DTEN92</i>	Evolución do sistema de financiamento (1992-95)	Indeterminado (-)
<i>DPROV</i>	Comunidades autónomas uniprovinciais	+
<i>LOFCA(-1)</i>	Límite legal máximo de endebedamento	-
POLÍTICAS		
<i>DPOLIT</i>	Mercado político e compra de votos	Indeterminado (+)
<i>DREG</i>	Partidos nacionalistas	+
<i>DPRE</i>	O ciclo electoral	+
IDEOLÓXICAS		
<i>DID=DNCA</i>	O papel da ideoloxía	Indeterminado
FISCAIS		
<i>TRIB</i>	Responsabilidade fiscal	-
<i>TRNFC</i>	Responsabilidade fiscal	Indeterminado
<i>INV</i>	A equidade interxeracional	+
<i>SDOEM</i>	A equidade intraxeracional	Indeterminado
ECONÓMICAS		
<i>GTSA</i>	Gastos de persoal	+
<i>PIBPC</i>	Producto Interior Bruto <i>per cápita</i>	+
<i>I(PIBPC)</i>	Incremento anual no Producto Interior Bruto <i>per cápita</i>	Indeterminado
<i>INT</i>	Xuros	Indeterminado (-)
<i>GTPF</i>	Gastos por pasivos financeiros	+
<i>GTBS</i>	Gastos en bens e servicios	+

5. ESTIMACIÓN DUN MODELO ECONOMÉTRICO PARA O ENDEBEDAMENTO AUTONÓMICO

A técnica que empregamos nas nosas estimacións foi datos de panel, posto que ese procedemento presenta unha serie de vantaxes fronte ós restantes métodos econométricos, entre as que podemos destacar que permite aumenta-los graos de liberdade da estimación, o cal é necesario dadas as hipóteses propostas e o reducido número de exercicios dispoñibles. A pesar de iso, a restricción que impón o reducido tamaño das series temporais implica que debamos renunciar a contrasta-los supostos de diferentes pendentes ou de tódolos parámetros distintos, polo que unicamente contrastarémola a posibilidade de que os termos independentes sexan ou non comúns. Chegados a este punto, imos relatar brevemente o procedemento que seguimos para a determinación dos modelos cos que traballaremos baixo a contorna do TSP 4.3.

5.1. PROCEDEMENTO SEGUIDO

Nunha primeira etapa, e para as dúas variables endóxenas que propoñiamos, procedemos a estima-los modelos lineais que incorporan, en primeira instancia, o total das variables explicativas ou hipóteses revisadas¹⁸. Na segunda fase, levamos a cabo un dobre proceso de eliminación de variables. En primeiro lugar, dados os modelos propostos con tódalas variables, procedemos a suprimi-las variables esóxenas menos significativas ata quedarmos co conxunto delas que mostran un nivel de significatividade individual superior ó 95%. Tras este primeiro labor, obtémo--los modelos que inicialmente incluírían aquelas variables que conxuntamente explican o endebedamento autonómico¹⁹.

En segundo lugar, procedemos a examinar dentro dos modelos seleccionados a posible multicolinearidade, desbotando aquelas variables esóxenas que mostran entre si unha correlación superior a 0,6, para o que suprimimos aquela variable que posúa un menor grao de significatividade aínda que, como xeralmente resulta difícil dilucidar qué variable desbotar, desenvolvemos dous modelos alternativos nos que non coinciden as variables relacionadas e eliximos aquel que goza dunha bondade explicativa maior (R^2)²⁰.

Unha vez determinadas as variables que se incluírían no modelo, contrastouse se podía considerarse que os modelos propostos tiñan o termo constante común para tódalas CC.AA. a través dos estatísticos (F) que aparecen na nosa táboa 9. Ademais, comprobamos que nese contraste non influía a consideración das variables ficticias representativas de características peculiares das CC.AA., que podían ter condicionado a elección do modelo. Os resultados deste contraste son comúns para os catro modelos que se estiman e non pode rexeitarse en ningún caso a homoxeneidade do termo constante ou independente²¹, polo que non é necesario proseguir co contraste das restantes hipóteses (modelo de efectos fixos fronte ó modelo de efectos aleatorios).

Este resultado pode te-la súa explicación en que ata 1989 se dá un comportamento relativamente uniforme nas políticas de endebedamento das CC.AA., producíndose de novo unha certa converxencia a partir do ano 1992. Logo de concluír

¹⁸ Propúxose tamén unha forma funcional logarítmica, aínda que posúen un maior poder explicativo os modelos que establecen unha relación lineal entre as variables, linearidade que se corrobora a través do contraste Reset que aparece nas táboas.

¹⁹ As variables explicativas que se eliminaron pola súa falta de significatividade nos modelos son as seguintes. No modelo *IGPF* excluíronse *DCOMP*, *DTEN87*, *DPROV*, *LOFCA(-1)*, *DID*, *DPOLIT*, *DREG*, *DPRE*, *TRIB*, *TRNFC*, *SDOEM*, *GTSA*, e *I(PIBPC)*; para o modelo *PFN* coincide o conxunto de variables, mantendo como significativa *GTSA* e eliminando *GTPF* e *GTBS*.

²⁰ As parellas de variables que presentan unha alta correlación son os *GTSA* cos *GTBS* e as *TRNFC* cos *GTSA* e cos *GTBS*.

²¹ Se $F_{A=At} < F^*$, aceptamos que o termo independente é común. O valor en torno ó cal está a F^* ó 99,9% de nivel de significatividade é 2,8.

que o modelo de panel que se empregará ten que se-lo modelo total ou restrinxido, procédese a determina-lo que denominamos modelos ampliados, é dicir, a mellorar esas estimacións na medida do posible.

Para iso procédese, nunha primeira fase, a incluír cada unha das variables que foron eliminadas, co obxecto de ratificar que a súa exclusión non foi debida a problemas de correlación con outras variables esóxenas. Este proceso permítenos recupera-la variable que recolle o efecto dos procesos electorais (*DPRE*).

Por outra parte, segundo a literatura empírica revisada, deberíamos ter obtido un impacto significativo para as CC.AA. uniprovinciais, polo que lle atribuímos esta ausencia de efecto a que as diferencias que eran debidas a esas CC.AA. deixaron de ser relevantes. Por iso, reformulámo-la variable ficticia que recollía ás CC.AA. uniprovinciais excluindo un a un os últimos exercicios (*DPROVT*), ata obter un impacto significativo como cabía esperar. No mesmo sentido, existe a posibilidade de que o tope máximo para o endebedamento permitise unha marxe de manobra inicial moi ampla, xa que as CC.AA. partían dunha situación crediticia completamente saneada, polo que poderíamos esperar que o límite LOFCA que recae sobre a carga da débeda autonómica só teña un efecto significativo nos últimos exercicios (maiores niveis de carga financeira). Deste modo, propúxose a interacción do límite cunha variable ficticia que representa a cada un dos anos analizados, obtendo os resultados esperados de significatividade desa variable nalgúns exercicios.

Ademais, procedemos a reformula-la especificación das variables que consideramos máis relevantes, e que non ten un impacto significativo. A idea subxacente nesta consideración é que o efecto de cada unha das variables se podería ver compensado polo comportamento dispar das distintas CC.AA. fronte á mesma variable explicativa. Así, en función da especificación de cada modelo, reformulámo-las variables que capturan o efecto dos gastos en bens e servicios, os gastos por pasivos financeiros, os ingresos tributarios e as transferencias correntes. O mecanismo empregado consistiu en selecciona-las cinco CC.AA. que destacan polos seus elevados ou escasos niveis de ingresos ou gastos en cada un dos conceptos, e incluílas de forma separada na especificación do modelo. Así mesmo, e á luz de que nin as transferencias correntes nin os ingresos tributarios resultan relevantes na maioría dos casos, optamos por incluír nos mesmos termos mencionados a terceira gran peza do sistema de financiamento; é dicir, os ingresos por transferencias de capital.

Tamén procedemos a incluír unha variable ficticia para cada CA (todas menos unha), que se xustifica pola posible presenza dalgún impacto particular para algunha CA (característica inobservable dunha rexión), que inflúe sobre as súas decisións fiscais e que non cambia ó longo do tempo, como por exemplo as leis políticas. Por outra parte, tamén consideramos unha variable temporal (todos os exercicios menos un) que trata de recolle-los efectos temporais; é dicir, intenta controla-

las variables que poden ter un efecto común nas CC.AA. nun ano dado, tales como as condicións do ciclo económico dos negocios, do apoio político nacional cara ó goberno, os cambios anuais nos programas de redistribución da renda, etc. Este tipo de formulación propúxose ata o final debido a que pode influír na selección do modelo de datos de panel que se empregará, ó capta-los efectos particulares de cada CC.AA. e os exercicios atípicos, ademais de poder ser incompatible coa especificación dos distintos tipos de CC.AA. que incluímos, como o nivel competencial, ou coa consideración de variables de tipo temporal, como a de evolución do sistema de financiamento.

Por último, damos un paso máis e cuestionámonos algúns problemas que poden aparecer nas estimacións. Neste sentido, examinouse a posible existencia de autocorrelación da perturbación, para o que se formularon os modelos autorregresivos de primeira orde para cada unha das CC.AA. nos que non se observaron problemas relevantes de autocorrelación. En segundo lugar, considerouse a posible presenza de heteroscedasticidade a través do test de White, que indica a presenza de problemas de heteroscedasticidade en tódolos modelos, agás no modelo inicial que toma como variable endóxena os ingresos por pasivos financeiros. Nos casos nos que existe heteroscedasticidade, procedeuse a resolve-lo problema a través da estimación dos erros estándares robustos mediante o emprego de White e os resultados non foron moi diferentes dos obtidos inicialmente²², polo que optamos por manter as estimacións iniciais.

Finalmente, formulouse a endoxeneidade das variables explicativas, para o que empregámo-lo test de Hausman; é dicir, estímase unha ecuación cos valores de cada unha das variables e outra que inclúe eses valores e uns instrumentos delas, xerándose os instrumentos a través dun proceso autorregresivo de cada unha das variables. O test consiste en verifica-la significatividade dos instrumentos e non pode rexeitarse a hipótese de esoxeneidade das variables ó 99,9%, xa que en ningunha das estimacións a magnitude do test de Hausman supera o 2,6, valor que é inferior ó punto crítico²³.

5.2. RESULTADOS OBTIDOS

Como paso previo para establece-los resultados, queremos remarca-la necesaria cautela con que deben ser tomados, xa que os axustes obtidos non son todo o bos

²² Os cambios principais aféctanlle á significatividade dunhas poucas variables, especialmente ás que capturan o efecto particular dalgunhas CC.AA. ou dalgun anos puntuais. Non obstante, en xeral, esas variables son significativas relaxando un pouco o nivel de significatividade (94%).

²³ Considérase un instrumento para cada unha das variables que se sospeita que poden ser endóxenas. Así, en función das variables explicativas que son significativas en cada unha das ecuacións, considerouse simultaneamente como posibles endóxenas os gastos en bens e servicios, os investimentos, os gastos financeiros, a amortización da débeda, os gastos en soldos e salarios e o límite LOFCA para aqueles anos nos que é significativo.

que se pode desexar. Sen embargo, tamén debemos apuntar que as nosas estimacións están en liña coa bondade dos axustes que obteñen as especificacións dos distintos traballos revisados.

Por outra parte, non existen grandes diferencias no que respecta á estimación do modelo tomando alternativamente como variables endóxenas os ingresos por pasivos financeiros e os pasivos financeiros netos, agás dúas excepcións. A primeira, como era de esperar dada a definición de pasivos financeiros netos, é que no modelo *PFN* deixan de ser relevantes os gastos por pasivos financeiros (*GTPF*). A segunda nota discrepante viría dada pola non significatividade no modelo *PFN* dos gastos en bens e servicios correntes, que si o son para o modelo *IGPF*, aínda que neste caso aparecen como significativos os gastos en soldos e en salarios. Poderíamos atribuírle esta diferenza á alta correlación que existe entre as variables de gastos en bens e servicios (*GTBS*) e de soldos e salarios (*G TSA*). Dado que non existen outras diferencias relevantes, imos centrarnos exclusivamente nos modelos que toman como variable endóxena os ingresos por pasivos financeiros (*IGPF*).

Feitas estas advertencias, dos distintos modelos pode deducirse que en tódolos casos se acepta o modelo restrinxido cun grao de significatividade do 99,9%, como pode observarse na táboa 9, e que hai un importante número de variables significativas²⁴. Para desenvolvérmo-la interpretación das variables imos segui-lo esquema que debulla a táboa.

Así, baseándonos no modelo inicial, podemos concluír que o peso da explicación do endebedamento recae principalmente nunha variable institucional e no destino ou aplicación dos recursos. Do lado dos aspectos institucionais destaca a significatividade da variable temporal que captura a tendencia do endebedamento tralos acordos de consolidación orzamentaria de 1992, mostrando que efectivamente a coordinación sen fortes incentivos, e imposta por causas externas, tivo un efecto de contención do endebedamento autonómico.

Do lado do gasto ou aplicación dos recursos, resultan significativos os investimentos reais, os gastos en concepto de xuros, os gastos en bens e servicios correntes e os gastos por pasivos financeiros. Nestes casos, o signo coincide co esperado e as variables son significativas, polo que poderíamos ratificar esas hipóteses. Ademais, indícanos que a emisión de débeda utilizouse principalmente para financiar proxectos de investimento, pero tamén outros gastos correntes e, especialmente, hai unha forte dependencia respecto á amortización da débeda, o que probablemente reflicte a intención de evitar incrementos na presión fiscal para facerlles fronte ós custos do endebedamento.

Así mesmo, pódese observar que os tributos propios ou transferencias correntes non son relevantes en ningún dos modelos, inicial e ampliado, o que pode resultar rechamante, pois reflicte unha desconexión total entre a política de ingresos das

²⁴ Os valores en torno ós que se atopan as *t-ratios* son: *t*^{**} (99%) \cong 2,35, e *t*^{*} (95%) \cong 1,99.

CC.AA. e os niveis de endebedamento. Esta ausencia de relación podería achacárselle, como xa apuntamos, á natureza do que denominamos tributos propios, ou apoia-la hipótese de que as sucesivas reformas do sistema de financiamento non evitaron a nesga cara ó endebedamento. Pero pensamos que en realidade está a nos remitir ás cautelas que o nivel central impuxo na descentralización das fontes de financiamento. Deste modo, permítenos concluír que a asimetría na descentralización dos ingresos e dos gastos non impide unha adecuación ás preferencias territoriais ou ás demandas de gasto, como mostra a clara relación positiva entre endebedamento e *PIBPC*, senón que canaliza os maiores gastos cara á única fonte dispoñible de ingresos –a débeda– e así facilita lograla autonomía financeira polo lado do gasto.

Táboa 9.- Modelos para o endebedamento das CC.AA. de réxime común (1985-95)

	MODELO INICIAL	MODELO AMPLIADO
<i>INV</i>	0,35489 ** 7,4961	0,60863 ** 9,587
<i>PIBPC</i>	0,0000000054 ** 3,8438	0,0000000044 ** 2,9175
<i>INT</i>	0,76231 ** 3,2903	0,97377 ** 4,0623
<i>GTPF</i>	0,83887 ** 9,2763	0,91647 ** 10,8519
<i>GTBS</i>	0,18672 ** 2,7844	0,12977 * 1,9861
<i>DTEND92</i>	- 0,0016812 ** 4,2949	- 0,0009821 * 2,487
<i>LOFCA1992</i>		- 0,0002154 * 2,1995
<i>LOFCA1986</i>		0,0003997 * 2,128
<i>DPROVT</i>		0,004716 ** 4,4673
<i>DPRE</i>		- 0,001453 * 2,2138
<i>TRNFKI</i>		- 0,2484 ** 3,717
ARAGÓN		0,004244 ** 3,2184
ASTURIAS		- 0,004846 ** 3,2379
CANTABRIA		- 0,0055 ** 3,3799
A RIOXA		- 0,002896 * 2,0072
<i>C</i>	- 0,007562 ** 4,0346	- 0,009556 ** 5,1857
R^2	0,67897	0,7893
R^2 -corrixido	0,66678	0,76809
<i>F</i>	55,695 **	37,213 **
$F_{A=A_i}$	$F(14,144)= 2,51$	$F(14,135)= 0,59$
Reset (linearidade)		$F(3,141)= 4,2$
Hausman (esóx.)		$F(7,142)= 1,6$
Observacións	165	165

O seguinte paso debe encamiñarse cara á explicación das variables que resultan significativas ó amplia-lo modelo coa nova especificación dalgunhas variables, como detallamos ó explica-lo procedemento econométrico seguido. Neste sentido, e enlazando co último punto sobre a adecuación do sistema de financiamento, tras comprobar que nin os tributos nin as transferencias correntes resultaban significativas, procedemos a incluí-la terceira peza clave do sistema: as transferencias de capital. Para iso, consideráronse por separado as cinco CC.AA. que gozan duns maiores niveis de transferencias de capital respecto do PIB (Andalucía, Galicia, Canarias, Castela-León e Asturias) e as cinco que obteñen menores ingresos por este concepto (Balears, A Rioxa, Cantabria, Aragón e Madrid).

O resultado obtido mostra cómo, efectivamente, as CC.AA. que obteñen uns niveis relativamente altos de ingresos por transferencias de capital teñen menores necesidades de endebedamento (*TRNFKI*), aínda que non se obtivo o signo contrario significativo para aquelas que dispoñen duns menos ingresos por esta partida. En conclusión, si parece que as transferencias de capital, entre as que aparecen as que teñen como orixe o *FCI*, contribúen a unhas menores necesidades de endebedamento para aquelas CC.AA. que teñen un nivel de desenvolvemento menor, aínda que non parece que prexudicaran claramente ás CC.AA. que reciben menos transferencias de capital²⁵.

Por outro lado, obtívemo-lo signo positivo esperado cando se considera a variable CC.AA. uniprovinciais só ata 1991-92 (*DPROVT*), resultado que é equivalente ó que arroxaban os estudos previos sobre o endebedamento autonómico. Xunto a iso, verifícase o risco que supón fixar límites excesivamente permisivos, xa que xeran incentivos que impulsan maiores niveis de endebedamento. Así, o signo positivo para a relación entre o endebedamento e a interacción entre *LOFCA(-1)* e unha variable ficticia que representa o ano 1986 (*LOFCA1986*) indicaría que aquelas CC.AA. que maiores niveis de cargas financeiras experimentaron no ano 1985 se endebedaron en maior medida no ano 1986.

Este último comportamento podería ter outra xustificación que reforza esta actitude por parte das CC.AA., ó ser 1986 o ano en que ía renegociarse o sistema de financiamento. Fronte a este último resultado, obtense un signo negativo para a interacción entre *LOFCA(-1)* e unha variable ficticia que representa o ano 1992 (*LOFCA1992*), o que indicaría que aquelas CC.AA. que tiñan maiores niveis de gastos por amortización de débeda e xuros no ano 1991 diminuíron o seu endebedamento no ano 1992; é dicir, poderíamos considerar que cando o endebedamento supón cargas financeiras elevadas, ou niveis vinculantes segundo o límite *LOFCA*, a restricción legal parece ter sido efectiva nalgún grao ou que existiu unha certa preocupación pola saúde financeira das CC.AA.

²⁵ Cómpre destacar cómo, a pesar de que os gastos en bens e servizos non resultan significativos cando se toman como variable endóxena os pasivos financeiros netos, comprobamos que, ó incluí-las CC.AA. que maiores niveis de gastos correntes en bens e servizos teñen (coinciden coas CC.AA. de réxime común con nivel competencial alto), si se obtén unha relación positiva entre este tipo de gasto (*GTBS2*) e o endebedamento, ademais de continuar sendo significativos os gastos de persoal. Non obstante, ó considerar exclusivamente estas cinco CC.AA., a correlación entre *GTSA* e *GTBS2* non diminúe a niveis aceptables, polo que tivemos que excluí-la.

Así mesmo, debemos proceder á busca dunha posible xustificación para o signo non esperado ou non predeterminado da variable que recolle o efecto dos anos preelectorais (*DPRE*). Unha aclaración verosímil podería atoparse na forma de introducir a variable ficticia, xa que esta incorpora o ano anterior ás eleccións e o electoral, para tratar de evita-los problemas derivados do retardo nos efectos debido á rixidez orzamentaria. De tal forma, o impacto neto sobre o endebedamento dos dous exercicios é negativo, aínda que non podemos prognosticar cuál sería o resultado ó considerar un só dos dous exercicios. Xunto a esta posible causa, temos que engadi-la que se deriva do momento en que se producen os procesos electorais, localizados basicamente para as CC.AA. de réxime común en 1987, 1991 e na fin do período analizado. Nestes exercicios procédese á reforma do sistema de financiamento (1986), inxectando recursos financeiros adicionais, ou houbo menos endebedamento, como indica a variable *DTEND92* (1992-1995).

Finalmente, aparece un conxunto de variables que recollen impactos particulares de CC.AA., como un maior endebedamento de Aragón ou un menor de Asturias, de Cantabria e da Rioxa. É interesante destacar cómo este resultado pode estar en liña coa afirmación de Ezquiaga e Mora (1995, p. 287), que sinalaban cómo as CC.AA. uniprovinciais presentaron un mellor comportamento a partir do ano 1991. Este conxunto de variables explicativas supón que *DTEND92* perda algo de importancia, aínda que continúa sendo unha variable significativa. Polo tanto, inclinámonos por atribuír-lle este resultado de diminución do endebedamento a unha combinación de cando menos dúas explicacións: unha maior coordinación das políticas crediticias autonómicas e o esforzo de redución da débeda que levan a cabo as CC.AA. de Asturias, de Cantabria e da Rioxa.

Logo de revisármolos resultados principais, imos compara-lo noso estudio cos outros tres dispoñibles para o caso español. Aínda que non imos reitera-los puntos de non coincidencia, si que é importante que se teña presente en todo momento que, no noso caso, traballamos co endebedamento en relación co PIB. En canto ós traballos de Monasterio e Suárez (1993, 1996), atopan unha evidencia empírica que ratifica a hipótese da débeda herdada polo mal funcionamento do sistema de financiamento e a hipótese da autoxeración da débeda, debido ben a unha actuación estabilizadora que non lles corresponde, ben polo uso da débeda como mecanismo de xeración de ilusión fiscal. Sen embargo, as hipóteses estrictamente políticas ligadas ó presunto comportamento ideolóxico dos gobernos autonómicos ou á explotación interesada do ciclo electoral non se vén amparadas polos resultados dos seus traballos.

Con respecto ó mal funcionamento do sistema de financiamento, non imos reproducir a nosa conclusión de que non existe nos nosos modelos un efecto significativo dos ingresos propios sobre a débeda, pois a evidencia que existe é, ó noso entender, insuficiente para apoia-la falta de responsabilidade. Non obstante,

atopamos algún indicio que podería apoiar a tese dun mal funcionamento do sistema de financiamento. Así, atopamos unha relación indirecta entre o FCI, ou a demanda de bens e servizos, e as variacións da débeda a través do PIBPC, que podería apoiar un mal financiamento do investimento novo ou, máis probablemente, unhas prestacións superiores de bens e servizos nas CC.AA. cunha maior renda *per cápita*. Así mesmo, os nosos resultados tamén apoian o maior endebedamento das CC.AA. uniprovinciais, aínda que non parece que tal deficiencia se perpetuara no tempo, xa que só obtivemos esa evidencia ata os primeiros anos noventa.

En canto á autoxeración do endebedamento, non atopamos un impacto claro de $I(PIBPC)$ e a súa ausencia estaría parcialmente apoiada polo signo negativo e, pola contra do que cabía esperar, polo que obteñen Monasterio e Suárez (1993) nalgún dos seus modelos. Por outro lado, se establecémola equivalencia entre GT e $GTSA$ e $GTBS$, existe unha relación positiva entre a débeda e os gastos, o que nos conduciría a pensar nun uso do endebedamento para financiar gastos correntes (ilusión fiscal).

Por último, con respecto ás hipóteses estritamente políticas dous aspectos merecen ser comentados. Primeiro, obtivemos un coeficiente negativo para a variable representativa do ciclo electoral ($DPRE$), aínda que explicamos que podería ser debido á especificación da variable, ou a que nestes anos electorais se modifica o sistema de financiamento. Polo que se refire á variable $IDEOLOG$, Monasterio e Suárez (1996) atopan nalgunhas ocasións coeficientes negativos, contrariamente ó que podía esperarse. Nós non atopamos un signo claro para a variable da ideoloxía do partido gobernante, aínda que podemos atribuírle este signo negativo á disciplina partidista dos gobernos rexionais respecto de Madrid.

Se pasamos ó comentario dos modelos de García-Milá e McGuire (1993) e García-Milá, Goodspeed e McGuire (1999), podemos compartirlas súas conclusións aínda que matizándoas. Os nosos resultados apoiarían tamén as conclusións relativas a que as CC.AA. uniprovinciais e cunha maior renda contraeron niveis superiores de débeda. Sen embargo, ó ampliarlo período analizado, a evolución do sistema de financiamento parece indicar que a taxa de crecemento do endebedamento non se acelerou, e non atopamos evidencia empírica que sustente un impacto claro motivado polo nivel competencial.

6. RECAPITULACIÓN

De toda esta análise, podemos destacar varias conclusións. O primeiro resultado xeral que podemos extraer é que parece claro que o endebedamento ten como un dos seus principais destinos os gastos de investimento, aínda que tamén contribúe a financiar parte doutros gastos correntes ou financeiros, e que non existe unha vinculación clara entre as fontes de ingreso e a débeda autonómica. Segundo, algunhas variables político-institucionais tiveron relevancia na xeración ou redución do déficit. En concreto, cómpre destaca-lo impacto que ten a coordinación tralos acordos de consolidación orzamentaria.

En terceiro lugar, ningunha variable das incluídas no conxunto de hipóteses políticas e ideolóxicas mostra o impacto esperado, o que pode estar ligado ó número reducido de períodos electorais e á escasa variación nos seus resultados, como avanzabamos no cuarto epígrafe, ou tamén á escasa marxe de actuación dos gobernos autonómicos. En cuarto lugar, ó noso xuízo, non cabe dúbida ningunha de que se emprega a débeda para financiar gastos correntes en contra do que establece a LOFCA, aínda que o tope máximo que establece esa normativa parece ter sido eficaz unha vez alcanzados niveis vinculantes de cargas financeiras ou endebedamento. Por último, podemos extraer un corolario final: o endebedamento ten unha natureza complexa con diversas orixes e, polo tanto, uns altos niveis de explicación correspóndense con múltiples variables esóxenas que non captamos na súa totalidade, ou que as que consideramos non teñen a mesma incidencia ou impacto sobre todas as CC.AA.

Táboa 1a.- Evidencia empírica dispoñible para explica-lo endebedamento autonómico

	Monasterio e Suárez (1993)	Monasterio e Suárez (1996)	García-Mila e McGuire (1993)
Método de estimación e anos	Función logarítmica por mínimos cadrados ordinarios (1986-90) dos valores medios das variables para o quinquenio considerado. Para homoxeneiza-las distintas CC.AA. divíden as variables pola poboación	Función logarítmica para datos de panel (1986-92). Para homoxeneiza-las distintas CC.AA. divíden as variables pola poboación	Datos de panel (1986-91). Para homoxeneiza-las distintas CC.AA. divíden as variables pola poboación e expresan os resultados en pesetas constantes de 1986
Variables endóxenas	<i>END</i> : saldo vivo da débeda ó final de cada exercicio, que toman da central de riscos do Banco de España <i>PF</i> : ingresos por pasivos financeiros xerados en cada exercicio, que subministra a DGCHT <i>ICF</i> : xuros e amortización de débeda respecto de ingresos correntes segundo a DGCHT	<i>END</i> : saldo vivo da débeda ó final de cada exercicio, que toman da central de riscos do Banco de España <i>PF</i> : ingresos por pasivos financeiros xerados en cada exercicio, que subministra a DGCHT <i>ICF</i> : xuros e amortización de débeda respecto de ingresos correntes segundo a DGCHT	Endebedamento das CC.AA. e dos seus organismos dependentes segundo o traballo de Álvarez (1992)
Variables explicativas	<i>FB</i> : o financiamento básico, que inclúe tributos cedidos, taxas afectas ós servizos transferidos e porcentaxe de participación nos ingresos do Estado (PPIE) <i>FCI</i> : a participación de cada CA no Fondo de Compensación Interterritorial (FCI) <i>GT</i> : os gastos totais, excluídos os sanitarios e os de xestión financeira local <i>I(PIBPC)</i> : o incremento anual no Produto Interior Bruto nominal <i>per cápita</i>	<i>FINVER</i> : fondos recibidos polas CC.AA. para financia-las súas necesidades de investimento (pts./hab.), concretamente, <i>FCI</i> máis Compensación Transitoria, Fondos Europeos e Convenios de investimento co Estado <i>NPROV</i> : variable “dummy” que toma valor un se a CA en cuestión é pluriprovincial e cero en caso contrario <i>GT</i> : gasto total <i>per cápita</i> da CA <i>IDEOLOG</i> : variable “dummy” que toma valor un se a CA é gobernada por un partido ou coalición de esquerdas e cero noutro caso <i>PROXELEC</i> : variable “dummy” que toma valor un cando nos atopamos no ano en que se celebran eleccións autonómicas, ou no inmediatamente anterior, e cero no caso contrario <i>TEMPO</i> : variable de control que toma valores 1 para 1986, 2 para 1987 e así sucesivamente ata 7 para 1992	<i>PIBPC</i> : o Produto Interior Bruto <i>per cápita</i> <i>D87-D91</i> : variable ficticia anual para capturar posibles comportamentos específicos en cada exercicio <i>DPROV</i> : variable ficticia para as comunidades autónomas uniprovinciais <i>EDU</i> : variable cualitativa que lles outorga valor un ás CC.AA. con competencias en educación <i>SAN</i> : variable cualitativa que lles outorga valor un ás CC.AA. con competencias en sanidade

Táboa 1a (continuación).- Evidencia empírica dispoñible para explica-lo endebedamento autonómico

	Monasterio e Suárez (1993)	Monasterio e Suárez (1996)	García-Mila e McGuire (1993)
Modelos	$D=f(FB, FCI, I(PIB), GT)$ Propoñen ecuacións distintas para as CC.AA. de réxime común (RC) e as CC.AA. con nivel competencial alto (NCA: educación e sanidade) A bondade explicativa dos distintos modelos propostos oscila entre 0,77 e 0,4 (R^2)	$D=f(FINVER, NPROV, GT, IDEOLOG, PROXELEC, TIEMPO)$ Só consideran unha ecuación para as CC.AA. de réxime común A bondade explicativa dos distintos modelos propostos oscila entre 0,8 e 0,51 (R^2)	$D=f(PIBPC, EDU, SAN, PROV, D87-91)$ Deixando a un lado os modelos para o gasto que propoñen, estiman ecuacións distintas para aquelas CC.AA. de réxime común que teñen un nivel competencial alto, posto que permiten que o coeficiente da variable PIBPC sexa diferente para ámbolos dous grupos de CC.AA. A bondade explicativa dos distintos modelos analizados oscila entre 0,64 e 0,67 (R^2)

FONTE: Elaboración propia.

Táboa 2a.- Resultados principais da evidencia empírica dispoñible para a explicación do endebedamento autonómico

HIPÓTESES PROPOSTAS	SIGNO ESPERADO E INTERPRETACIÓN TEORICA DAS VARIABLES EXPLICATIVAS	SIGNIFICATIVIDADE / /SIGNO
MONASTERIO E SUAREZ (1993)		
1.- A hipótese do “traspaso da débeda” por parte do Estado; é dicir, a débeda herdouse polo mal funcionamento do sistema de financiamento	<i>FB</i> : un signo negativo para a <i>FB</i> supón unha infravaloración do custo efectivo <i>FCI</i> : unha relación negativa entre o <i>FCI</i> e o endebedamento queda ligada a unha falta de recursos para cubri-lo investimento novo	SI (NCA para <i>PF</i> e <i>ICF</i>) / - SI (en tódolos casos) / -
2.- A hipótese da autoxeración da débeda debido ben a unha actuación estabilizadora das CC.AA., que non lles corresponde, ben polo uso da débeda como mecanismo de xeración de ilusión fiscal	<i>GT</i> : unha relación directa entre o endebedamento e os <i>GT</i> respondería ó uso da débeda como fonte de financiamento dos bens e servizos, ó ser moito menos visible cós impostos <i>I(PIBPC)</i> : un signo positivo para <i>I(PIBPC)</i> apoiaría a tese de actuacións de carácter estabilizador, xa que maiores incrementos no crecemento económico implicarían aumentos na débeda	SI (RC para <i>PF</i> e NCA para <i>END</i> e <i>ICF</i>) / + NON (en tódolos casos) / + (agás en NCA para <i>PF</i>)
MONASTERIO E SUAREZ (1996)		
1.- A hipótese do “traspaso da débeda” por parte do Estado; é dicir, a débeda herdouse polo mal funcionamento do sistema de financiamento	<i>FINVER</i> : dada a conexión que establece a LOFCA entre débeda autonómica e operacións de investimento, o signo esperado é negativo, o que indicaría que o recurso á débeda sería maior nas CC.AA. que recibiran menores recursos para o investimento <i>NPROV</i> : igual ca no caso anterior, o signo esperado é negativo. Neste caso, a maior débeda das CC.AA. uniprovinciais viría explicada, nun primeiro momento, pola herdanza recibida das antigas deputacións provinciais e, posteriormente, pola penalización sufrida na fórmula de distribución do PPIE derivada da presenza nesa fórmula da variable “unidades administrativas”	SI (en tódolos casos) / - SI (en tódolos casos) / -
2.- A hipótese da autoxeración da débeda, debido ben a unha actuación estabilizadora das CC.AA., que non lles corresponde, ben polo uso da débeda como mecanismo de xeración de ilusión fiscal	<i>GT</i> : o signo esperado é positivo, o que indicaría unha utilización da débeda como instrumento de financiamento xerador de ilusión fiscal	SI (en tódolos casos) / +
3.- A hipótese doutros argumentos políticos supón considerar dous novos posibles comportamentos. Por unha parte, podería terse producido un comportamento diferencial entre distintas CC.AA. derivado da acción ideolóxica dos distintos gobernos. Pola outra, a utilización do endebedamento podería ter seguido as pautas do ciclo electoral	<i>IDEOLOG</i> : presúmese unha relación positiva entre endebedamento e esta variable, xa que se espera que as CC.AA. gobernadas por partidos de esquerdas, máis proclives nos seus postulados ideolóxicos á intervención pública na economía, fixeran un uso máis intensivo da débeda cás gobernadas por partidos máis conservadores, cunha confianza maior na iniciativa privada <i>PROXELEC</i> : o signo esperado é positivo, xa que se postula que a acumulación de débeda será maior nos períodos inmediatamente anteriores á convocatoria dun proceso electoral	SI (para <i>ICF</i>) / - Non (en tódolos casos) / + (<i>END</i>) e - (<i>PF</i>)
Variable de control	<i>TEMPO</i> : dada a evolución da débeda autonómica, o signo esperado é positivo	SI (en tódolos casos) / +

Táboa 2a (continuación).- Resultados principais da evidencia empírica dispoñible para a explicación do endebedamento autonómico

HIPÓTESES PROPOSTAS	SIGNO ESPERADO E INTERPRETACION TEORICA DAS VARIABLES EXPLICATIVAS	SIGNIFICATIVIDADE / /SIGNO
GARCÍA-MILA E McGUIRE (1993)		
1.- Dadas as características do sistema de financiamento, cren que as CC.AA. máis ricas se verán obrigadas a utilizar en maior medida a débeda para cubri-las súas necesidades de gasto	<i>PIBPC</i> : estiman por separado o coeficiente entre as 5 CC.AA. con maior nivel de competencias e as outras de réxime común, esperando unha relación positiva entre a débeda e esta variable	SI (<i>NCA</i>) / + Non (Restantes CC.AA.) / +
2.- Debido ás características institucionais das CC.AA. uniprovinciais esperan que teñan unha pauta de comportamento distinta	<i>DPROV</i> : o signo esperado non está determinado <i>a priori</i>	SI (en tódolos casos) / +
3.- Separan o efecto que exerce a educación e a sanidade, posto que as CC.AA. poden desviar parte do orzamento de sanidade ou de educación a financiar outros gastos correntes	<i>EDU</i> : o signo esperado é indeterminado <i>SAN</i> : tampouco neste caso o signo esperado está predeterminado	NON (en tódolos casos) / - NON (en tódolos casos) / +
Variable de control	<i>D87-D91</i> : son variables que pretenden captar comportamentos específicos anuais, non adiantando ningunha relación previa co endebedamento	SI (<i>D90</i> e <i>D91</i>) / +

FONTE: Elaboración propia.

BIBLIOGRAFÍA

- ABRAMS, B.; DOUGAN, W. (1986): "The Effects of Constitutional Restraints on Governmental Spending", *Public Choice*, vol. 49, núm. 2, pp. 101-116.
- AFI-ANALISTAS FINANCIEROS INTERNACIONALES (1994): "Perspectivas para el endeudamiento de las Comunidades Autónomas", *Cuadernos de Información Económica*, núm. 84, pp. 45-51. FIES.
- ALESINA, A.; PEROTTI, R. (1995): "The Political Economy of Budget Deficits", *IMF Staff Papers*, vol. 42, núm. 1, pp. 1-31.
- ALESINA, A.; ROSENTHAL, H. (1995), *Partisan Politics, Divided Government and the Economy*. Cambridge University Press.
- ÁLVAREZ CORBACHO, X. (1992): "Corresponsabilidad fiscal y déficit de la hacienda autonómica", *Hacienda Pública Española, I/1992*, (monográfico), pp. 53-66.
- BARBERÁN ORTI, R.; LÓPEZ LABORDA, J. (1993): "El sector público de Aragón en 1991", *Cuadernos Aragoneses de Economía*, 2ª época, vol. 3, núm. 1, pp. 95-116. Zaragoza: Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales.
- BARRO, R.J. (1973): "The Control of the Politicians: An Economic Model", *Public Choice*, vol. 14, pp. 19-42.
- BARRO, R.J. (1974): "Are Government Bonds Net Wealth?", *Journal of Political Economy*, vol. 82, núm. 6, pp. 1095-1117. (Versión en castelán en J.L. López Otero [introd.]: "¿Constituyen riqueza neta los títulos de la deuda estatal?", 1982, pp. 669-699).
- BARRO, R.J. (1987): "The Economic Effects of Budget Deficits and Government Spending", *Journal of Monetary Economics*, vol. 20.
- BIESCAS FERRER, J.A. (1991): "El endeudamiento de las Comunidades Autónomas", *Presupuesto y Gasto Público*, núm. 5, pp. 159-172.

- BIESCAS FERRER, J.A.; LÓPEZ LABORDA, J. (1992): “Corresponsabilidad fiscal y equilibrios financieros”, *Hacienda Pública Española*, I/1992, (monográfico), pp. 35-52.
- BLAIS, A.; NADEAU, R. (1992): “The Electoral Budget Cycle”, *Public Choice*, vol. 74, pp. 389-403.
- BOSCH ROCA, N.; SUÁREZ PANDIELLO, J. (1994), *Hacienda local y elección pública: el caso de los municipios españoles*. Bilbao: Fundación Banco Bilbao-Vizcaya, Centro de Estudios sobre Economía Pública.
- CASTELLS, A. (1994): “La Hacienda de la Generalidad de Cataluña”, *Papeles de Economía Española*, núm. 59, pp. 344-357.
- DOWNS, A. (1957): *An Economic Theory of Democracy*. New York: Harper & Row. (Versión en castellán: *Teoría económica de la democracia*. Madrid: Aguilar, 1973).
- EZQUIAGA, I. (1995): “La dinámica financiera de las Comunidades Autónomas”, *Análisis Local. Hacienda, Finanzas y Organización de las Administraciones Territoriales*, Consultores de las Administraciones Públicas, núm. 2, pp. 3-17.
- EZQUIAGA, I.; FERRERO, A. (1997): “Descentralización espuria vs. ortodoxa. El caso de las CCAA”, *Cuadernos de Información Económica*, núm. 128-129, pp. 110-116.
- EZQUIAGA, I.; MORA, L. (1995): “El endeudamiento autonómico en una perspectiva histórica”, *Economía de los Servicios-Congreso Nacional de Economía*, pp. 277-322. Las Palmas de Gran Canaria.
- EZQUIAGA, Y.; GARCÍA, F.; FERRERO, A. (1998): “El endeudamiento autonómico. Un enfoque financiero”, *Cuadernos de Información Económica*, núm. 132-133, pp. 157-176.
- GALLASTEGUI, M.C. (1995): “El déficit público, los criterios de convergencia y el papel de las Comunidades Autónomas”, *Estado y Economía. Elementos para un debate*, pp. 45-78. Fundación Banco Bilbao-Vizcaya.
- GARCÍA-MILA, T.; MCGUIRE, T. (1994): “Financiación de las CCAA: análisis del gasto y la renta”, *Revista de Economía Aplicada*, vol. I, núm. 3, (inverno).
- GARCÍA-MILA, T.; GOODSPEED, T.J.; MCGUIRE, T.J. (1999): “Fiscal Decentralization Policies and Sub-national Government Debt”, *Jornada sobre la deuda autonómica y el modelo de descentralización fiscal español*. (Mimeo, borrador provisional). Pódese atopar na URL: [htt://www.fedea.es](http://www.fedea.es).
- GOETZ, CH.J. (1977): “Fiscal Illusion in State and Local Finance”, en T.E. Borchering [ed.], pp. 176-187. (Versión en castellán: “La ilusión fiscal en la Hacienda Estatal y Local”, *Hacienda Pública Española*, 1988, núm. 113, pp. 245-251).
- GOVINDA; RAO, M. (1979): “Ideological Factors, Political Stability, and Tax Revenue Determination. A Case Study of Four States in Indian Federation”, *Public Finance*, vol. XXXIV, núm. 1, pp. 114-127.
- INMAN, R.P.; FITTS, M.A. (1990): “Political Institutions and Fiscal Policy: Evidence from U.S. Historical Record”, *Journal of Law, Economics, and Organization*, vol. 6, (Special Issue), pp. 79-132.
- LINARES, J. (1993): “Corresponsabilidad fiscal en la financiación de las Comunidades Autónomas”, *Cuadernos Aragoneses de Economía*, 2ª época, vol. 3, núm. 1, pp. 57-84. Zaragoza: Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales.
- MEDEL CÁMARA, B. (1987): “La dimensión autonómica de la deuda pública”, *Papeles de Economía Española*, núm. 33, pp. 329-335.

- MISIOLEK, W.S.; ELDER, H.W. (1988): "Tax Structure and the Size of Government: An Empirical Analysis of the Fiscal Illusion and Fiscal Stress Arguments", *Public Choice*, núm. 25, pp. 45-61. (Versión en castellán: "La estructura impositiva y el tamaño del sector público: un análisis empírico de los argumentos de la ilusión y de la tensión fiscales", *Hacienda Pública Española*, 1988, núm. 113, pp. 318-326).
- MONASTERIO ESCUDERO, C. (1992): "Corresponsabilidad fiscal: problemas de definición y elección de instrumentos", *Hacienda Pública Española*, I/1992, (monográfico), pp. 27-34.
- MONASTERIO ESCUDERO, C. (1996): "Los límites al endeudamiento de los gobiernos sub-centrales. Teoría y evidencia para el caso español", *Hacienda pública española*, núm. 67, pp. 275-285.
- MONASTERIO ESCUDERO, C.; SUÁREZ PANDIELLO, J. (1993), *El endeudamiento autonómico. Teoría y evidencia empírica*. Bilbao: Fundación Banco Bilbao-Vizcaya, Centro de Estudios sobre Economía Pública.
- MONASTERIO ESCUDERO, C.; SUÁREZ PANDIELLO, J. (1996): "Sobre las causas del endeudamiento autonómico", *III Congreso de Economía Pública*. Sevilla.
- MONASTERIO ESCUDERO, C.; SUÁREZ PANDIELLO, J. (1996b): *Manual de hacienda autonómica y local*. Barcelona: Ariel Economía.
- NOVALES, A. (1988), *Econometría*. Madrid: McGraw Hill.
- ORTUÑO SALAZAR, A. (1992): "El endeudamiento de las Comunidades Autónomas", *Papeles de Economía Española*, núm. 33, pp. 318-328.
- PÉREZ GARCÍA, F. (1992): "La financiación de las Comunidades Autónomas: corresponsabilidad fiscal y déficit público", *Papeles de Economía Española*, núm. 52-53, pp. 199-213.
- PÉREZ GARCÍA, F. (1997): "El sistema de financiación de las Comunidades Autónomas: Eficiencia y equidad", *XXIII Reunión de Estudios Regionales*. (Mimeo).
- PESTON, M.H. (1981): "A Note on a Balanced Budget Change in Local Expenditure", *Public Finance*, vol. XXXVI, núm. 3, pp. 454-459.
- POMMERHNE, W. (1978): "Institutional Approaches to Public Expenditures: Empirical Evidence from Swiss Municipalities", *Journal of Public Economics*, vol. 9.
- POMMERHNE, W.; SCHNEIDER, F. (1978): "Fiscal Illusion, Political Institutions and Local Public Spending", *Kyklos*, vol. 31, fasc. 3, pp. 409-423. (Versión en castellán: "Ilusión fiscal, instituciones políticas, y gasto público local", *Hacienda Pública Española*, 1988, núm. 113, pp. 263-276).
- POTERBA, J.M. (1995): "Balanced Budget Rules and Fiscal Policy: Evidence from the States", *National Tax Journal*, vol. XLVIII, núm. 3, pp. 329-336.
- QUIGLEY, J.M.; SMOLENSKY, E. (1992): "Conflicts Among Levels of Government in a Federal System", *Public Finance*, vol. 47, supl., pp. 202-215.
- ROIG ALONSO, M. (1987): "El endeudamiento de los distintos niveles de Administración Pública", *Papeles de Economía Española*, núm. 33, pp. 155-171.
- ROSENBERG, J. (1992): "Rationality and the Political Business Cycle: The Case of Local Government", *Public Choice*, vol. 73, pp. 71-81.
- ROUBINI, N.; SACHS, J.D. (1989): "Political and Economic Determinants of Budget Deficits in Industrial Democracies", *European Economic Review*, núm. 33, pp. 903-933.
- RUIZ-HUERTA CARBONELL, J. (1992): "Presentación. Corresponsabilidad fiscal", *Hacienda Pública Española*, I/1992, (monográfico), pp. 5-9.
- SERRANO SANZ, J.M. (1988): "La intervención económica en el Estado de las Autonomías", en J.L. García Delgado [dir.], pp. 499-524.

- STIMSON, J.A. (1985): "Regression in Space and Time: A Statistical Essay", *American Journal of Political Science*, vol. 29, pp. 914-947.
- SUÁREZ PANDIELLO, J. (1991): "Notas sobre el endeudamiento de las CCAA", *Papeles de Economía Española*, núm. 48, pp. 256-265.
- UTRILLA DE LA HOZ, A. (1992): "Corresponsabilidad fiscal y equidad regional en la financiación autonómica", *Hacienda Pública Española*, 1/1992, (monográfico), pp. 67-92.
- VALLÉS, J. (1999), *El control de la deuda subcentral: análisis teórico y aplicado. El caso del endeudamiento autonómico*. (Tese de doutoramento). Universidad de Zaragoza.
- VELARDE FUERTES, J. (1995): "Una mala herencia", *ABC. Diario de Economía*, (23-07-95), p. 43.
- VELILLA LUCINI, P. (1993), *El proceso de descentralización del gasto público en España: comportamiento fiscal y decisiones de gasto de los gobiernos autonómicos*. Bilbao: Fundación Banco Bilbao-Vizcaya, Centro de Estudios sobre Economía Pública.
- WAGNER, R. E. (1976): "Revenue Structure, Fiscal Illusion and Budgetary Choice", *Public Choice*, núm. 25, pp. 45-61. (Versión en castelán: "Estructura de los ingresos públicos, ilusión fiscal y elección presupuestaria", *Hacienda Pública Española*, 1988, núm. 113, pp. 252-262).